Sobre as razóns existentes para non seguir os criterios emanados do ditame do Consello Consultivo de Galicia en relación coa resolución de diversos contratos de transporte escolar prorrogados ata o ano 2020, a consecuencia da entrada en vigor da primeira fase do Plan de transporte de Galicia, as previsións referidas á contía das indemnizacións ás empresas afectadas, así como as posibles consecuencias da non participación da consellaría con competencias en materia de educación, nos diversos trámites do transporte escolar

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 32070 (10/POC-005052)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e Villares Naveira, Luis

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento da primeira fase do proxecto de compra pública pre-comercial no ámbito dos *drones*

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 31798 (10/PRE-008691)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da apertura dunha negociación co persoal docente interino para procurar unha forma de estabilización da súa situación laboral

- 31831 (10/PRE-008694)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Consellería do Mar para evitar a autorización do proxecto de megaminaría impulsado pola empresa Cobre San Rafael, S. L., nos concellos de Touro e do Pino tendo en conta o seu rexeitamento social na ría de Arousa e as levadas a cabo para alertar do risco que supón para o conxunto da ría, así como as súas previsións respecto da solicitude e do impulso da competencia do Consello da Xunta de Galicia para o coñecemento e decisión respecto da súa autorización

- 31842 (10/PRE-008695)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a actuación levada a cabo pola Dirección do Hospital Lucus Augusti de Lugo en relación co suicidio dunha doente nese centro o día 12 de maio de 2018 e as previsións do Goberno galego ao respecto

- 31856 (10/PRE-008696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Consellería do Medio Rural en relación co tesouro xenético que supón a colección de variedades autóctonas de maceiras depositada en Guísamo e Mabegondo e a realización dalgún estudo de mercado referido ás súas posibilidades de futuro e de implantación, así como a consideración da posibilidade de apertura dunha liña de axudas para novas incorporacións á actividade hortofrutícola e o reforzo da actividade existente con especies autóctonas

- 31867 (10/PRE-008697)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o coñecemento e as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa situación de abandono e deficiente conservación na que se atopan os petróglifos da bacía do río Salgueiro no monte Xiabre, no concello de Vilagarcía de Arousa

- 31871 (10/PRE-008698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo do Goberno galego en relación coas queixas formuladas desde o ámbito da cultura e, en especial, da música ao vivo, con motivo dos cambios que introduce a Lei 10/2017, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como as súas previsións respecto da inclusión de modificacións no seu catálogo para ampliar os locais de concertos ou para outros fins

- 31874 (10/PRE-008699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para arranxar as deficiencias estruturais existentes e evitar incidencias como as producidas entre os días 22 e 29 de maio de 2018 na liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo

- 31893 (10/PRE-008701)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do funcionamento das bolsas Feuga para prácticas de formación en empresas

- 31894 (10/PRE-008702)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para loitar contra a estacionalidade do turismo

- 31908 (10/PRE-008703)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a aplicación das reválidas de educación primaria e secundaria no presente curso 2017-2018

- 31917 (10/PRE-008704)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non crear a mesa de traballo sobre a prevención e loita contra os incendios forestais dentro do Consello Forestal de Galicia, non remitir aos membros deste o borrador do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais como mínimo con tres meses de antelación á xuntanza do consello para o seu estudo e realización de achegas, así como para non ter en conta e non reflectir nos documentos as propostas formuladas polas diferentes asociacións

- 31920 (10/PRE-008705)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos da Enquisa anual da estrutura salarial publicada polo INE que reflicten a falta de traslado aos salarios do crecemento da económico rexistrado, as medidas previstas ao respecto e as que vai levar a cabo para reducir a fenda salarial entre homes e mulleres

- 31927 (10/PRE-008706)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para controlar a praga da avespiña do castiñeiro, o seu custo e o asinamento dalgún convenio de colaboración con algunha empresa para frear a súa expansión, así como as súas previsións respecto da autorización de soltas masivas do parasito *Torymus sinensis* e o pagamento de indemnizacións aos produtores de castaña afectados

- 31933 (10/PRE-008707)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre os datos referidos á loita biolóxica contra a praga do gurgullo do eucalipto desenvolvida pola Xunta de Galicia mediante a solta do parasito *Anaphes nitens*

- 31935 (10/PRE-008708)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Cal Ogando, Marcos

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para evitar o impacto para a saúde humana e o medio ambiente das prácticas que se están a levar a cabo na comarca da Limia para a xestión dos xurros procedentes das explotacións gandeiras e, en particular, as de porcino e avícolas, así como para controlar as empresas que realizan o seu transporte e distribución e a xestión dos envases dos produtos fitosanitarios

- 31957 (10/PRE-008709)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a reforma do CEIP de Calo, no concello de Teo

- 31965 (10/PRE-008710)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a adxudicación dalgún contrato ou a concesión dalgunha subvención pola Xunta de Galicia á empresa Rústicas Maferco

- 31999 (10/PRE-008712)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo e as previsións do Sergas para garantir a cobertura das prazas de pediatría necesarias nos centros de saúde de Coruxo e de Navia, en Vigo, así como as medidas que está a adoptar para garantir a atención pediátrica para o conxunto da poboación infantil de Galicia

- 32008 (10/PRE-008713)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da incautación por cincuenta anos e a entrega á iniciativa privada daquelas comunidades de montes veciñais en man común que se consideren en situación de abandono, antes de tentar medidas de intermediación que respecten a titularidade da veciñanza comuneira

- 32014 (10/PRE-008714)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a situación na que se atopa a execución e remate das obras do novo centro de saúde de Ares e a existencia dalgún problema para o traslado operativo ás novas instalacións do servizo de atención sanitaria que se está a prestar de xeito provisional na actual localización, así como os novos servizos sanitarios que se van implantar e os prazos previstos para a súa entrada en funcionamento

- 32033 (10/PRE-008715)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión e as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia en relación coas afirmacións da Real Academia Española referidas ao uso de toponimia galega deturpada, así como as medidas que vai adoptar para garantir o cumprimento da normativa vixente ao respecto

- 32041 (10/PRE-008716)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Pierres López, María Luisa

Sobre os datos referidos á actividade desenvolvida pola Unidade de Muller e Ciencia, a creación nela dalgunha comisión de traballo na X lexislatura e, se é o caso, a súa finalidade, así como as previsións respecto da actualización da súa páxina web

- 32061 (10/PRE-008717)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 3 máis

Sobre a valoración e os datos do Goberno galego referidos ás contías pendentes de aboar dende o ano 2013 ás empresas adxudicatarias pola prestación do servizo de transporte escolar, a normativa que posibilita eses aprazamentos dos pagos, así como as súas previsións no tocante á inclusión no proxecto de lei de orzamentos para o ano 2019 dunha disposición adicional similar ás aprobadas dende o ano 2013 ao respecto

- 32064 (10/PRE-008718)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 2 máis

Sobre as razóns existentes para non seguir os criterios emanados do ditame do Consello Consultivo de Galicia en relación coa resolución de diversos contratos de transporte escolar prorrogados ata o ano 2020, a consecuencia da entrada en vigor da primeira fase do Plan de transporte de Galicia, as previsións referidas á contía das indemnizacións ás empresas afectadas, así como as posibles consecuencias da non participación da consellaría con competencias en materia de educación, nos diversos trámites do transporte escolar

- 31806 (10/PRE-008693)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida ao tratamento que está a recibir a cultura galega na programación da CRTVG e o cumprimento do disposto na materia na Lei 9/2011, de medios audiovisuais públicos de Galicia, así como as súas previsións ao respecto, nomeadamente no referido ao asinamento dos contratos programa e a creación da autoridade audiovisual

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á Mesa do Parlamento

Aurelio Nuñez Centeno, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Soraya Salorio Porral, Marián García Míguez, Daniel Vega Pérez, Alberto Pazos Couñago e Marta Rodríguez Arias, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese para a comarca de Bergantiños.

Exposición de Motivos:

A localidade de Corme está situada na ría de Corme e Laxe, ao norte da desembocadura do río Anllóns. A súa actividade económica principal ten que ver coa pesca e o marisqueo, ademais do turismo que acude a visitar o Cabo Roncudo e as praias da localidade.

O porto de Corme está totalmente integrado na vila, con acceso libre para as persoas, e utilízase polos habitantes para paseo, e inclusive pesca afeccionada.

Este espazo portuario é titularidade de Portos de Galicia, quen se encarga das tarefas rotineiras de conservación e mantemento das súas instalacións. Como parte destas tarefas, hai uns meses Portos de Galicia, titular do viario de acceso ao porto, procedeu ao repintado da sinalización horizontal que delimita a zona de tránsito peonil, dentro dunha actuación global de repintado de sinalización horizontal xa existente pero deteriorada.

Na Avenida Mariña, coñecida popularmente como “Debaixo da Igrexa”, repintouse, en coordinación coa petición do Concello, esta liña que delimita a zona peonil a carón do muro que protexe do mar, espazo utilizado como aparcamento de coches no período estival e os días de funeral ou enterro na localidade.

Esta decisión provocou opinións encontradas entre os veciños e veciñas, que advertiron de que se poderían ocasionar molestias a algúns veciños no caso de oficios relixiosos, como tamén pola dificultade engadida para poder aparcar durante o verán, que alonxaría aos visitantes de aparcar na zona. Algúns dos grupos sociais que mostraron as súas discrepancias con este repintado, sinalaron o parque situado enfronte e dotado de beirarrúas, como a zona propicia para o tránsito peonil, alonxándoo do vial portuario. Ante esta proposta, representantes veciñais de Corme mantiveron recentemente unha reunión co Presidente de Portos para abordar deste asunto, e estudar posibles alternativas de consenso.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

1. Cal foi o motivo de que se pintara inicialmente esa zona de tránsito peonil?
2. Ten previsto Portos de Galicia algunha medida para corrixir esta situación?

Santiago de Compostela a 8 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 08/06/2018 16:32:27

Teresa Egerique Mosquera na data 08/06/2018 16:32:38

Martín Fernández Prado na data 08/06/2018 16:33:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

María Soraya Salorio Porral na data 08/06/2018 16:33:43

María Ángeles Garcia Míguez na data 08/06/2018 16:33:53

Daniel Vega Pérez na data 08/06/2018 16:34:01

Alberto Pazos Couñago na data 08/06/2018 16:34:19

Marta Rodriguez Arias na data 08/06/2018 16:34:34

Á Mesa do Parlamento

Paula Quinteiro Araújo, Ánxeles Cuña Bóveda e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Os medios de comunicación desempeñan un papel fundamental na transmisión de ideas e valores.

En ocasións estes medios perpetúan os roles e estereotipos de xénero, o que axuda a que se normalice unha situación de enorme gravidade, a desigualdade estrutural que nos afecta ás mulleres polo mero feito de selo.

Ademais, o tratamento informativo das violencias machistas evidencia en demasiadas ocasións a ausencia de perspectiva de xénero nas direccións dalgúns medios de comunicación e, en numerosas ocasións, atopámonos con que o tratamento das noticias sobre asasinatos machistas é coma o dunha noticia-suceso, banalizando os feitos ou incluso dando pé a culpabilizar ás vítimas. É frecuente que estes asasinatos se traten como sucesos illados, obviando a raíz estrutural do problema.

Os medios de comunicación deberían dispor de códigos de autorregulación, de acordo cos principios da ética xornalística, que foran de obrigado cumprimento para as redaccións.

Neste sentido, as recomendacións recollidas na Declaración de Compostela, aprobadas en 2004 polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, constitúen un marco de referencia que apela á responsabilidade dos medios de comunicación galegos á hora de informar sobre violencias machistas.



As administracións Públicas no exercicio das súas responsabilidades, deben velar polo cumprimento estrito da lexislación no relativo á protección dos dereitos fundamentais e, con especial atención, á erradicación de condutas favorecedoras de desigualdades.

Por todo o anterior, formulamos as seguintes preguntas:

- 1) Considera a Xunta de Galicia que se están a cumprir o Código Deontolóxico do Xornalismo Galego e a Declaración de Compostela en canto ao tratamento responsable da información sobre violencias machistas, evitando estereotipos sexistas?
- 2) Que procedementos están adoptando para verificar a aplicación dos códigos de autorregulación nos medios de comunicación?
- 3) Que medidas están adoptando para que se cumpran o artigo 13 da lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes e os artigos 9 e 10 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en canto a un tratamento adecuado da información sobre violencias machistas nos medios de comunicación públicos e privados?

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Marcos Cal Ogando

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 31/05/2018 18:35:34

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 31/05/2018 18:35:42

Marcos Cal Ogando na data 31/05/2018 18:36:10

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo e Luís Villares Naveira, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, **presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

Os últimos datos do PIB en Galicia, e de reparto do mesmo sobre os distinto tipos de renda, demostran que a decisión política dos gobernos do PP foi utilizar a recesión como mecanismo para un novo modelo de reparto da riqueza, é dicir incrementar a inxustiza social sobre a base de que a maioría do diñeiro dispoñible non estea en mas da clase obreira senón do capital e as grandes empresas. Así, a finais do 2017 o PIB galego situábase en 56.739 millóns de €. Hoxe o seu crecemento é do 7.2% ata chegar aos 60.824 millóns de €, un 7.2% de incremento da “riqueza” do país, que non ten servido para mellorar as condicións sociais, económicas e vitais da maioría social galega, senón para incrementar a brecha social, onde cada vez unha porcentaxe máis pequena de persoas acumula máis riqueza, asimilando o noso modelo económico ao dos países subdesenvolvidos. Así podemos ver que este incremento da riqueza do 7% se trasladou directamente ás rendas do capital e non aos salarios.

Para unha grande parte da cidadanía galega, para os homes e mulleres que sufriron máis que ninguén a crise e que viron como se desmoronaban as súas condicións materiais de vida, os salarios son a única forma de poder optar a un proxecto de vida digno e autónomo. A importancia de garantir uns salarios dignos e xustos non é tan só aumentar o nivel adquisitivo da nosa poboación para poder optar a unha maior cantidade de bens de consumo, senón garantir a viabilidade



dos seus proxectos de vida, dos seus fogares, das súas familias. Pero como comentábamos antes, procurar salarios dignos e o aumento das rendas do traballo é unha opción dentro diso que chamamos economía, e non é dende logo a opción que parece ter escollido o Partido Popular.

Antes de estourar a crise en 2009 os salarios representaban o 48% do PIB galego fronte a un 43,8% das rendas do capital. Agora, case 10 anos despois, os datos invértense: o 42,7% corresponde ós ingresos que irán a parar ás familias dos e das traballadoras, fronte a un 47,3% destinado as rendas empresariais. Como dixemos, a economía ao igual que a política non é unha ciencia exacta e as medidas económicas son boas ou malas dependendo dos intereses de quen as valora. Está claro pois a quen beneficiaron estes últimos 10 anos, e quen saíu perdendo.

E podería semellar que isto é unha cuestión meramente contextual, que é resultado de políticas globais destinadas a resolver unha crise económica pero que o tempo e o bo facer das institucións reorientará co paso do tempo os recursos que, nos últimos 10 anos, se foron movendo duns petos para os outros. Pero abonda con mirar o que acontece no resto do Estado para decatarnos de que, no conxunto de España, as rendas empresariais seguen varios puntos por debaixo das rendas dos e das traballadoras, co cal a responsabilidade do acontecido nestes últimos anos non pode buscarse fóra.

De nada serve ás galegas e aos galegos un crecemento económico que non lles afecta, que non lles chega, que non lles toca. Estaría ben saber, logo de case dez anos de Presidencia do señor Núñez Feijóo, cando será o momento para as clases traballadoras do noso país. Se despois de todo o feito nos últimos tempos, cuestións como a xustiza social ou a redistribución da riqueza están nalgunha páxina da axenda do goberno, ou se aínda teremos que agardar outros 9 anos



máis.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cal é a valoración que fai o Goberno galego sobre o transvase porcentual das rendas do traballo ás rendas empresariais de Galicia ?
- 2.^a) Que consecuencias cre o Goberno que ten este traspaso para a maioría da cidadanía galega?
- 3.^a) Ten algunha iniciativa política preparada o Goberno galego para buscar un aumento da xustiza social e da redistribución da riqueza en Galicia?
- 4.^a) Que valoración fai o presidente da Xunta das diferencias entre a proporción do PIB destinado a rendas do traballo entre Galicia e o conxunto de España?
- 5.^a) Considera o Goberno galego que as súas políticas económicas teñen algo que ver nesta diferenza co resto do Estado?
- 6.^a) Se é así, valora positivamente o Goberno os resultados da súa xestión?

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/06/2018 12:46:43

Julia Torregrosa Sañudo na data 01/06/2018 12:47:09

Luis Villares Naveira na data 01/06/2018 12:47:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2018 13:48
Nº Rexistro: 31807
Data envío: 01/06/2018 13:48:17.313

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a presenza e tratamento da cultura na programación da CRTVG.

A dirección da CRTVG ten anunciada a aplicación de reformas na programación da Radio Galega a partir de setembro de 2018.

Entre as mudanzas atópase a desaparición do programa Diario Cultural, un histórico da radiodifusión, como espazo informativo propio, para se diseminar en distintas franxas horarios como parte dos grandes contedores da grella.

A decisión, causou un enorme rexeitamento entre o cadro de persoal da CRTVG mais tamén entre os sectores culturais do país. De facto, máis de 3.500 sinaturas exigen a través do manifesto Non imos ficar caladas!, que a Corporación cumpra coa súa misión de servizo público contribuindo, como elemento chave, á promoción e difusión da lingua e da cultura galegas.

A desaparición do programa Diario Cultural como espazo informativo propio non é apenas unha anécdota e súmase a supresión, desde 2009, da práctica totalidade dos programas culturais que existían na radio e na televisión públicas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2018 13:48
Nº Rexistro: 31807
Data envío: 01/06/2018 13:48:17.313

Aberto por reformas, Planeta Furancho, Planeta de Cine, Onda Curta, Alalá ou Eirado foron algúns dos espazos que desapareceron deixando a cultura practicamente excluída da programación da CRTVG.

Apenas sobreviven, na actualidade, uns poucos programas relegados ás franxas horarias e ás canles de menor audiencia o que contravén os principios e obxectivos que rexen, como servizo público, a Corporación.

Unha situación que evidencia, alén do desleixo da CRTVG cara á cultura deste país, o incumprimento flagrante da lexislación que regula os medios de comunicación audiovisuais públicos galegos e que, de acordo co disposto no artigo 33 da CRTVG, debería desenvolver e concretas os obxectivos da súa función como servizo público a través da sinatura de senllos contratos programa para todas e cada unha das súas canles.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza o tratamento que recibe a cultura galega na programación da CRTVG?

- Ao abeiro do disposto na Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza, cre que a Corporación está a cumprir coa súa misión de servizo público e coa obriga de promover e difundir a cultura galega?

- Pensa o Goberno galego cumprir e facer cumprir, nesta lexislatura, o artigo 33 da Lei 9/2011 referido á sinatura dos Contratos programa?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2018 13:48
Nº Rexistro: 31807
Data envío: 01/06/2018 13:48:17.313

- E os demais artigos da devandita lei que se veñen incumprindo desde a súa aprobación incluída a creación da Autoridade Audiovisual?

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 01/06/2018 13:44:52

María Montserrat Prado Cores na data 01/06/2018 13:44:56

Ana Pontón Mondelo na data 01/06/2018 13:44:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/06/2018 13:44:59



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/06/2018 13:48
Nº Rexistro: 31807
Data envío: 01/06/2018 13:48:17.313

Noa Presas Bergantiños na data 01/06/2018 13:45:00

Xosé Luis Bará Torres na data 01/06/2018 13:45:02

A Mesa do Parlamento

Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Grupo Popular ten demostrado ao longo dos últimos anos, que entende o emprendemento como un pilar fundamental do crecemento e da consolidación da recuperación económica que ven experimentando a nosa Comunidade.

Deste xeito, o Partido Popular adquiriu o compromiso nas últimas eleccións autonómicas de facilitar ás persoas traballadoras autónomas, todos os medios e ferramentas necesarias para o apoio, desenvolvemento e consolidación da súa actividade económica.

Por iso, o pasado ano puxo en marcha a Estratexia Autónomo 2020, como un conxunto de actuacións específicas en materia de financiamento, formación, titorización e acompañamento, especificamente dirixidos ao colectivo autónomo, con programas para a creación e mantemento do emprego, a extensión da tarifa que o Estado tiña establecida para os autónomos ata 2017; a contratación de persoas traballadoras, o apoio á conciliación laboral e familiar, a formación e capacitación gratuítas ou a prevención de riscos laborais; entre un total de 20 medidas.

Deste xeito, o Goberno galego ten o obxectivo de apoiar a 10.000 traballadores cada ano e converter Galicia no mellor territorio para emprender.

No documento presentado no seu día pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, sinalábanse tres prioridades: incorporar novas persoas ao emprego autónomo, consolidar o xa existente para garantir a súa viabilidade, e simplificar e axilizar a tramitación administrativa.

Do mesmo xeito, para este ano 2018 anunciouse a continuidade das axudas que se impulsaron en 2017, así como da Oficina Virtual do Autónomo; ademais comprometeuse a creación de novos programas para fomentar o relevo xeracional e para facilitar unha segunda oportunidade có fin de apoiar o mantemento de negocios viables a través de novos autónomos ou a continuidade a través do reemprendemento.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que balance fai a Xunta de Galicia do desenvolvemento da Estratexia do Autónomo durante 2017?
- 2.- Hai algunha novidade para este 2018?

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/06/2018 14:01:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 01/06/2018 14:01:31

María Ángeles Garcia Míguez na data 01/06/2018 14:01:37

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 01/06/2018 14:01:45

Marta Rodríguez Arias na data 01/06/2018 14:01:51

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 01/06/2018 14:02:00

María Soraya Salorio Porral na data 01/06/2018 14:02:11

Raquel Arias Rodríguez na data 01/06/2018 14:02:20

Sandra Vázquez Dominguez na data 01/06/2018 14:02:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a, sobre a situación laboral do persoal docente interino

Malia as sentenzas en contra do Tribunal de Xustiza da Unión Europea a interinidade na función pública segue a ser un problema importante neste país. Interinidade que, coa escusa da crise económica, non fixo máis que aumentar superando o 13% no tocante ao persoal interino docente.

Situación que non ten visos de mellorar malia que as devanditas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea obrigan aos Estados membros da UE para reducir e manter a taxa de interinidade da función pública por baixo do 8% e a non encadear máis de 3 anos de contratos temporais. Sentenzas que sinalaron o abuso da temporalidade na Administración, e o trato discriminatorio entre eventuais e fixos, e que interpelan tanto o Goberno central como as Comunidades Autónomas, a revisar a súa lexislación laboral e política de contratacións.

O aumento da temporalidade e a interinidade entre o persoal docente fai que xa teñamos miles de docentes ocupando prazas estruturais e non eventuais, as cales son as que serían o obxectivo da interinidade.

Un aumento da temporalidade que non só supón un prexuízo claro na calidade de vida e os dereitos do propio persoal docente senón que eliminando a estabilidade dos equipos docentes en centos de centros educativos estase mingando a calidade do ensino público.

É urxente, por tanto, acabar coa “fraude” que supoñen estas altísimas taxas de interinidade que se engaden ademais, por efecto dos recortes, á perda de postos de traballo, provocando aulas saturadas e unha perda da calidade do noso sistema



educativo.

Lamentablemente a enunciada oferta de emprego público, lonxe de mellorar esta situación, ameaza directamente aos postos laborais de miles de docentes que levan anos sostendo co seu traballo o noso sistema educativo. Persoal que se ve ameazado por unha transitoria-trampa que pode supor un ERE masivo. E que, en definitiva, non garante iguais dereitos para igual traballo.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Ten previsto o Goberno galego sentarse a negociar co persoal interino para buscar unha forma de estabilización do mesmo?

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 01/06/2018 13:04:43



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/06/2018 13:04:51



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á petición á Consellaría do Mar de que solicite a avocación no Consello da Xunta da decisión da autorización do proxecto mineiro nos concellos de Touro e o Pino.

O proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L., a intención deste proxecto é seguir explotando os xacementos abandonados no ano 1986 e engadir xacementos colindantes que ocuparán unha extensión de 698 Ha, e a súa ubicación en plena conca do río Ulla, ten feito saltar as alarmas na ría de Arousa, polo temor as graves consecuencias que no tecido socioproductivo da ría pode ocasionar esta explotación mineira, xa que os cursos de auga da mina drenan cara o río, e polo tanto a contaminación que xere irá ao mesmo.

O río Ulla é o principal aporte de auga doce á ría e desemboca directamente nos bancos marisqueiros. O impacto medioambiental e no sector productivo, tanto marisqueiro como mexiloeiro e da pesca pode ser letal. A inmensa magnitude dos verquidos da actividade mineira e dos depósitos de almacenamento de residuos supoñen un risco evidente para a calidade das augas deste río e polo tanto do conxunto da ría, da que viven directamente trinta mil familias.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:02
Nº Rexistro: 31829
Data envío: 04/06/2018 11:02:14.478

Tendo en conta o importante impacto que tería a eventual instalación dunha megamina de explotación de cobre no concello de Touro nunha zona comprendida na cunca hidrográfica do río Ulla, polo risco de que materiais pesados e tóxicos se verqueran ás augas de dito río e os seus afluentes e dese xeito a contaminación atinxise a ría de Arousa provocando graves perdas ao sector pesqueiro e marisqueiro, concorren circunstancias de índole económica e social relevantes que xustifican que dita decisión sexa adoptada polo máximo órgano colexiado da Xunta, e non simplemente a través dos órganos sectoriais directamente implicados, avaliando todos os efectos directos e indirectos que a actividade mineira puidera ocasionar. Para iso, a consellaría de pesca ha de tomar a iniciativa e promover a avocación da competencia para decidir no seo do Consello da Xunta finalmente sobre a autorización da mina de Touro, en aras tanto da necesaria coordinación do Goberno galego como de garantir a presenza de todos os órganos e departamentos da administración galega que exercen competencias en actividades que puideran ser afectadas polos efectos de dita explotación mineira.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Tendo en conta que a ría de Arousa está sendo un clamor en contra do proxecto de megaminería que ten solicitado autorización para levarse a cabo nos concellos de Touro e o Pino, que actuacións vai realizar a Conselleira do Mar para impedir a súa aprobación?

-Parécelle asumíbel este proxecto tendo en conta que significa un risco letal para a ría máis produtiva de Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:02
Nº Rexistro: 31829
Data envío: 04/06/2018 11:02:14.478

-Ten realizado a Consellaría do Mar algunha actuación para alertar do risco que supón para o conxunto da ría de Arousa un proxecto de megaminería como o que se pretende levar a cabo nos concellos de Touro e o Pino?

-Non lle parece suficientemente relevante a magnitude o proxecto, e o risco potencial para a ría máis rica e produtiva de Galiza da que viven directamente máis de trinta mil familias, como para pedir que a decisión sobre o mesmo o tome o conxunto do Consello da Xunta?

-Vai tomar a iniciativa de solicitar e impulsar a competencia do Consello da Xunta de Galiza para o coñecemento e decisión sobre a autorización da apertura do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:02
Nº Rexistro: 31829
Data envío: 04/06/2018 11:02:14.478

María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2018 10:52:42

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2018 10:52:47

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2018 10:52:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/06/2018 10:52:56

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2018 10:53:03

Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2018 10:53:06



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:20
Nº Rexistro: 31832
Data envío: 04/06/2018 11:20:04.088

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O pasado venres 1 de xuño tivo lugar a Segunda carreira escolar “Botón de Ancla”, organizada pola Escola Naval Militar e o Concello de Marín. Nesta actividade, que forma parte dos actos de conmemoración do 75 aniversario da instalación da Escola Naval en Marín.

Na citada proba deportiva, desenvolvida en horario escolar, participaron – segundo os medios de comunicación- máis de 1.200 escolares e un cento de profesores e profesoras de colexios de Marín e Pontevedra: Inmaculada, San Narciso, Carballal, Sequelo, A Laxe e Salvador Moreno.

Ademais da carreira escolar, o programa de actos incluíu outras actividades lúdicas e recreativas como xogos, inchables e animación nas instalacións deportivas do centro militar. Segundo se recolle mediante fotografías publicadas polos medios de comunicación, os escolares participaron en actividades de coñecemento e manexo de armas de grande calibre (fusís, metraladoras, canons, etc).

A xuízo do BNG, a participación de escolares en actos de exaltación militar e castrense é absolutamente contraria aos valores que debe transmitir a escola. E ademais



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:20
Nº Rexistro: 31832
Data envío: 04/06/2018 11:20:04.088

constitúe un acto de manipulación e adoctrinamento de nenos e nenas que resulta ofensivo nun estado que se di democrático.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Autorizou a Xunta de Galiza a participación de centros escolares de Marín e Pontevedra en actividades de exhaltación militar e castrense?
2. Comparte o goberno galego participación de nenos e nenas en actividades de coñecemento e manexo de armas?
3. Considera a Xunta de Galiza que estas actividades supoñen a manipulación e adoctrinamento dos nenos e nenas?
4. Participou a Xunta de Galiza no financiamento destas actividades?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:20
Nº Rexistro: 31832
Data envío: 04/06/2018 11:20:04.088

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2018 11:19:07

María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2018 11:19:12

Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2018 11:19:14

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/06/2018 11:19:15

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2018 11:19:16

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2018 11:19:17



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:19
Nº Rexistro: 31840
Data envío: 04/06/2018 12:19:06.916

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á actuación levada a cabo pola dirección do HULA diante do suicidio dunha doente nese hospital o pasado 12 de maio.

Tivemos coñecemento a través dos medios de comunicación que o 12 de maio unha muller de 74 anos ingresada no HULA, na planta de cirurxía vascular, quitouse a vida precipitándose desde o cuarto piso por un patio interior do hospital.

O BNG lamenta este tráxico suceso. Un acontecemento que non tiña que acontecer, acontecer a fora nun hospital público. Este falecemento pon de manifesto con toda crueza a dramática situación da atención á saúde mental na sanidade pública galega en xeral e a carencia de programas de prevención do suicidio en particular.

Este caso exemplifica todo o que non se debe facer e pon de manifesto, as moitísimas carencias de recursos e fallos en toda a cadea. Preventivos, suicidio, na comunicación do mesmo aos familiares e no coidado posterior das persoas vinculadas.

Os cadros de persoal son insuficientes, moi por debaixo das ratios precisas para poder prestar unha axeitada calidade asistencial. A atención psicolóxica e psiquiátrica especializada a doentes hospitalizados no conxunto do HULA está por debaixo de mínimos, non existe un programa de prevención do suicidio.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:19
Nº Rexistro: 31840
Data envío: 04/06/2018 12:19:06.916

A pesares da propaganda da Xunta, e do propio Conselleiro que presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia, nada máis se sabe do mesmo. Non se aplican procedementos de actuación ante doentes con risco de suicidio e os que existen só se empregan nas unidades de hospitalización psiquiátrica.

Neste caso, a pesares do neto da falecida ter alertado de que vía á súa avoa animicamente deprimida e que lle tiña manifestado a súa intención de morrer non se lle aplicou ningún protocolo.

No referido á “posvención en superviventes”, a atención aos familiares e entorno, conforme ao indicado na atención en mortes por suicidio, os responsábeis do HULA realizaron unha actuación moi mellorábel.

O Hospital fai unha comunicación nefasta deste trágico suceso coa familia, como se dunha xestión administrativa se tratara. Comunícanlle a morte do familiar vía telefónica, a persoa encargada de xestionar a situación é unha celadora, ninguén de dirección ten contacto coa familia, non lle deixan acceder á cuarta planta onde estaba ingresada, non lle permiten ver o cadáver, ofrécelle recursos de atención psicolóxica ao entorno familiar 11 días despois...

Ante un suceso dramático como este, con moitas dúbidas a respecto do coñecemento dos feitos e a responsabilidade dos mesmos, a familia ten dereito a información veraz e coidadosa do que pasou, información que a día de hoxe non teñen e polo tanto transcorridos máis de 20 días do suceso faise preciso que por parte da dirección do HULA se proceda a facilitar esa información e a tomar todas as medidas precisas para evitar que sucesos deste tipo se poidan repetir.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:19
Nº Rexistro: 31840
Data envío: 04/06/2018 12:19:06.916

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Corresponde a actuación levada a cabo pola dirección do HULA no caso do suicidio de Irene Agrelo o pasado 12 de maio, co que ten establecido o Sergas para estes sucesos?

-Aplicouse o procedemento de actuación ante doentes con risco de suicidio tras o neto da falecida ter alertado de que vía á súa avoa animicamente deprimida, e que lle tiña manifestado a súa intención de morrer ?

-Cal é a razón de que máis de vinte días despois de terse producido o suicidio de Irene Agrelo de 74 anos no HULA, a súa familia aínda non recibira información veraz e coidadosa de todo o acontecido por parte da dirección do Hospital?

Un novo programa a través do cal os municipios poden solicitar subvencións para rehabilitar e poñer en valor edificios da súa titularidade, co obxectivo e compromiso de obter vivendas destinadas ao alugueiro con prezos reducidos, para familias con ingresos limitados.

En 2017 realizouse unha primeira convocatoria destas axudas e no presente exercicio, 2018, xa a segunda, que incrementou de forma notable a dotación orzamentaria prevista, para poder responder á demanda e ao interese que ten suscitado entre os concellos.

É por iso que os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas:

1. Que balance fai o Goberno galego das primeiras convocatorias do programa de axudas aos concellos para a rehabilitación de antigas vivendas de mestres, outros oficios e demais edificios de titularidade municipal?
2. Cantos municipios se están a beneficiar deste novo programa de axudas da Xunta?
3. A canto ascenden as subvencións concedidas?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 05/06/2018 18:10:28

Martín Fernández Prado na data 05/06/2018 18:10:36

Jacobo Moreira Ferro na data 05/06/2018 18:10:47

Marta Novoa Iglesias na data 05/06/2018 18:10:58

María Julia Rodríguez Barreira na data 05/06/2018 18:11:06

Gonzalo Trenor López na data 05/06/2018 18:11:16

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/06/2018 18:11:28

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**.

A praga do gurgullo do eucalipto (*Gonipterus platensis*) é un pequeno insecto coleóptero orixinario de Australia, que se alimenta das follas e gromos novos do eucalipto provocando fortes danos nas plantacións desta especie forestal. Está presente en Galicia desde 1991, estendéndose polas explotacións forestais galegas.

O medio máis efectivo ate do agora de loita é a loita biolóxica, aínda que os resultados obtidos varían moito dependendo da zona considerada. O tratamento consiste na colocación dunhas bolsas que conteñen o parasitoide *Anaphes nitens* nas zonas afectadas polo *Gonipterus*, para que este colonice os seus ovos limitando deste xeito a súa reprodución. A súa finalidade é establecer un equilibrio entre as poboacións do insecto e do seu parasitoide natural, reducindo a poboación do primeiro de modo que os danos económicos non sexan excesivos.

Actualmente outras opcións de loita biolóxica están a ser avaliadas pola Estación Fitopatolóxica Areeiro, dependente da Deputación de Pontevedra, e por Ence: os parasitoides *Anaphes tasmaniae* e *Entedon magnificus*.

Resulta preciso, facer unha avaliación das medidas adoptadas até o de agora na loita biolóxica contra o gurgullo do eucalipto, coa fin de comprobar a súa efectividade e facer balance dos gastos deste método de control.



Por estes motivos presentamos as seguintes Preguntas para a súa resposta en Comisión:

1. Cantas bolsas de soltas de *Anaphes nitens* se empregaron por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos en Galicia?
2. En que datas se realizaron as campañas? Cantas soltas se realizaron en cada un dos meses?
3. Cal foi o importe anual de cada campaña?
4. Que empresas proporcionaron os insectos parasitoides e que tipo de contratos se realizaron con estas empresas?
5. Sábese se o parasitoide afectou a outras especies? Fixeron estudos a este respecto?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 05/06/2018 18:12:55



David Rodríguez Estévez na data 05/06/2018 18:13:15

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**, sobre a situación na que se atopa a Comarca da Limia pola xestión dos xurros

A Comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente as dedicadas á produción de porcino e avícola .

Aínda que o artigo 2 da lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos sólidos e solos contaminados exclúe segundo o disposto no apartado e), *As materias fecais, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola non perigoso utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medioambiente, NON AMPARA EN ABSOLUTO* as prácticas que de forma rutinaria e xeneralizada estanse a aplicar na Comarca da Limia e que si supoñen un dano irreparable para o medio ambiente e a saúde humana:

- Proceso de eutrofia acusada no Encoro das Conchas,
- Aumento constante dos niveis de concentración de Nitratos nas augas subterráneas.
- Afección irreversible o encoro de Faramontaus (presa de Gudín) non sendo apta na actualidade para abastecemento...
- Empobrecemento da biodiversidade.
- Degradación paisaxística da comarca

- Mala calidade do aire (cheiro constante a xurro).

Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, establece que quedan fóra do seu ámbito de aplicación : *Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras sustancias naturais e non perigosas cando se utilicen no marco das explotacións agrarias.*

Esta exclusión non ampara as aplicacións incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos do inverno sobre extensas superficies de mato (toxo e xestas) que baixo a escusa dun suposto abonado non persegue máis fin que o desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca cunha carga gandeira irracional.

De igual xeito deixase fóra de control e mírase cara outro lado en relación as condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ó aire libre (sobre todo de galiña) que se observan durante o inverno/primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar de forma evidente episodios de contaminación.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de EN Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa reposta oral en Comisión:

1-Que medidas se están a tomar para evitar que baixo un suposto amparo legal se leven adiante as prácticas descritas anteriormente e que a todas luces danan irreparabilmente o medio ambiente e a saúde das persoas?

2-Cales son as medidas que se están a tomar en relación ao depósito de esterqueiras ao aire libre e en contacto directo sobre o chan sen ningún tipo de soleira impermeabilizada?

3-Que medidas de control se levan a cabo respecto á xestión de envases de produtos fitosanitarios, xa que se seguen a ver numerosos episodios de envases directamente abandonados sobre o campo ou balsas de rega?



4-A que medidas de control se están a someter as empresas, especialmente a denominada ASER, no referente ao transporte e distribución de xurros?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Marcos Cal Ogando,

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 05/06/2018 18:44:46

Marcos Cal Ogando na data 05/06/2018 18:44:56

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral na Comisión 4.^a**, sobre a construción da sede do Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG) na Cidade da Cultura.

A Xunta de Galicia vén de anunciar a construción da sede do Consorcio Interuniversitario de Galicia (CISUG) na Cidade da Cultura. A elección do espazo responde, segundo o propio Presidente do Goberno, a razóns de aforro económico. A execución da obra noutro lugar custaría arredor de 30 millóns de euros, mentres que levantar as instalacións nos ocos que deixou o fracaso do Gaias suporía só 17 millóns, cofinanciados con fondos interuniversitarios e o orzamento da Xunta. Así sería se os cálculos do Goberno se axustaran á realidade, algo que, tendo en conta os antecedentes, cómpre, polo menos, poñer en dúbida.

A Xunta de Galicia dilapidou na construción parcial da Cidade da Cultura uns 300 millóns de euros, triplicando dese xeito o orzamento previsto cando se iniciou a obra. O 26 de marzo do ano 2013, o Partido Popular resolveu paralizar o levantamento dos dous edificios que aínda restaban do proxecto inicial (o gran Teatro da Ópera e o Centro de Arte Internacional). O propio Feijóo asegurou entón que non seguiría gastando máis diñeiro en novas instalacións. Coa proposta da sede do Consorcio Interuniversitario de Galicia, o Presidente volve a incumprir a súa palabra.



Así, o Goberno galego retoma a súa aposta pola Cidade da Cultura, que tantos cartos lle custou ás arcas galegas. Aínda hoxe, o simple mantemento das instalacións ascende a máis de catro millóns de euros anuais.

O malgasto inmenso do Gaias é aínda máis grave se temos en conta a precariedade do sector cultural galego e o escaso apoio económico que recibe das administracións públicas. Reparemos nos seguintes datos:

- O financiamento da educación segue, aínda hoxe, por debaixo do de 2009. É un 5% menor.
- As bibliotecas galegas están peor financiadas que as do conxunto do Estado. O seu financiamento permanece practicamente igual dende 2011.
- Entre os anos 2006 e 2016, Galicia perdeu máis de 100 bibliotecas.
- No ano 2016, o número de libros editados en galego descendeu ata o nivel máis baixo dende 1996, ao mesmo tempo que aumentan os libros editados en castelán, catalán e euskera.
- O gasto en libros non de texto realizado polos fogares galegos decreceu un 54,5% entre o 2006 e o 2016.
- O gasto público no sector do libro descendeu un 52% entre 2006 e 2016.
- A partida dedicada á promoción da lectura e do libro descendeu un 82%.
- A promoción do libro en galego minguou un 54%.

Ao mesmo tempo que todo isto sucede, o burato negro do Gaias non fai máis que medrar e engulir diñeiro.

Tememos que coa escusa do consorcio –unha iniciativa ben intencionada que pretende coordinar os servizos das tres institucións universitarias galegas– o Goberno da Xunta volva tirar os cartos que tanta falla lle fan ao noso maltreito



sector cultural. O temor é ben fundado. Todos coñecemos xa o moito que disfrutan os populares apoiando obras con orzamentos inflados.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que informes manexa o Goberno acerca dos custes que tería a construción da sede do Consorcio Interuniversitario de Galicia?
- En que espazos se valorou a súa edificación?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/06/2018 19:21:14

Luca Chao Pérez na data 05/06/2018 19:21:21

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa ao estado de conservación do CEIP de Calo en Teo.

Recortes reiterados e abandono, eses foron os dous piares da política do Partido Popular respecto á conservación e mantemento dos centros educativos do país.

Unha partida que pasou de algo máis de 11 millóns e medio de euros en 2008, a 4.650.000 euros nestes últimos orzamentos, que en termos reais, isto é descontando as variacións do IPC, supón case un 70% menos. Un 70% menos que se traduce en aulas en mal estado, alumnado en clase con abrigo, cubertas que seguen tendo amianto e, en definitiva, ausencias graves de infraestrutura escolar nun parque escolar avellentado.

Neste senso, as deficiencias nas escolas acumúlanse, tal e como acontece no CEIP de Calo en Teo datado en 1975.

É dicir, estamos diante dunha infraestrutura escolar de case cincuenta anos de vida, pouco adecuada ás necesidades educativas de hoxe.

Entre as múltiples deficiencias denunciadas pola propia comunidade educativa cabe destacar: problemas de accesibilidade, ausencia de equipamentos básicos como ximnasio, salón de actos e laboratorio, biblioteca e comedor claramente insuficientes, cociña e baños en mal estado e patio cuberto con pingueiras e moi escaso para a número de alumnas e alumnos.



Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Cando vai acometer o Goberno galego a reforma no CEIP de Calo?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 06/06/2018 16:33:15

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/06/2018 16:33:23



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**

Tomás Fernández Couto compatibilizou durante máis de tres anos o seu cargo como director xeral de Montes e o de administrador solidario dunha consultora dedicada, precisamente, aos proxectos de enxeñería forestal e á valoración de fincas. A incompatibilidade entre o cargo público e o privado é clara, na medida na que, tendo un pé nas institucións, podía utilizar a súa ocupación política para favorecer o seu proxecto empresarial.

Fernández Couto foi administrador solidario de Rústicas Maferco dende o ano 2009 ata o ano 2012, data na que decidiu, xunto co seu socio, Martín Mayo Rustarazo, disolver a empresa. Mayo tamén traballou para a Xunta ofrecendo asistencia técnica en materia de patrimonio natural.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Rústicas Maferco realizou nalgún momento contratacións ou recibiu subvencións da Xunta?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018.



Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 06/06/2018 18:02:23

David Rodríguez Estévez na data 06/06/2018 18:02:31

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, Julia Torregrosa Sañudo e Paula Quinteiro Araujo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 8.^a**

A lei que regula as confrarías de Galicia recolle no seu artigo primeiro que estas representan os intereses económicos e corporativos do/as profesionais do sector e os seus asociados...

Así moitas confrarías da Ría de Arousa están a promover medidas que impidan a instalación dunha mina no Concello de Touro, pola afección que os contaminantes da mesma, de seguro, terán sobre a produtividade pesqueira e marisqueira da ría de Arousa, actividades que poden estar enmarcadas na defensa dos seus intereses como recolle a normativa.

Así moitas destas confrarías van participar nunha manifestación contra a mina, convocada para o domingo 10 de xuño en Compostela.

Na confraría de Vilanova instalouse unha pancarta chamando á participación nesta mobilización, pancarta que foi retirada por Portos de Galicia, nun claro ataque aos dereitos dos membros da confraría e a súa liberdade de expresión .

Por todo o exposto as deputadas asinantes formulan aa seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a



Que motivos ten Portos de Galicia para retirar unha pancarta na fachada da confraría de Vilanova?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 06/06/2018 19:42:15

Paula Quinteiro Araújo na data 06/06/2018 19:42:19

Carmen Santos Queiruga na data 06/06/2018 19:42:25

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e **Marcos Cal Ogando**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentas a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1.^a**

As desigualdades de xénero son múltiples e afectan as mulleres en todos os espazos da súa vida. É urxente levar adiante medidas que nos fagan avanzar cara unha sociedade máis xusta onde estas desigualdades rematen.

Para levar adiante medidas eficaces temos que coñecer a nosa realidade en profundidade. Por iso, a tarefa de analizar cuantitativa e cualitativamente as formas de violencias machistas que se exercen no noso país é urxente, xa que as últimas macroenquisas fixéronse hai varios anos e están desactualizadas.

É importante incorporar variantes acerca das formas que adoptan estas violencias na mocidade, por ser alarmantes os indicios que deixan os últimos estudos feitos acerca da percepción deste sector ante as novas formas de control e violencia.

Esta macroenquisa tamén debería incorporar estudos específicos dos sectores especialmente vulnerables en Galicia, como poden ser as migrantes, as maiores de 60 anos e as mulleres que viven en zonas rurais.

A elaboración desta macroenquisa non debería demorarse deste ano, xa que na nosa opinión xa levamos demasiado retraso para realizala e a urxencia da problemática require deste tipo de análises á hora de tomar medidas para atalla de raíz.

Por todo o anterior exposto, preséntase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a:

- 1) Que datas valora a Xunta de Galicia para levar adiante unha macroenquisa sobre as violencias machistas no noso país?
- 2) Cal vai ser o formato de elaboración de dita enquisa?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 07/06/2018 09:39:41

Marcos Cal Ogando na data 07/06/2018 09:42:51



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:13
Nº Rexistro: 31997
Data envío: 07/06/2018 10:13:07.706

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á cobertura de prazas de pediatría nos centros de saúde de Coruxo e Navia en Vigo.

O Centro de Saúde de Coruxo en Vigo dispón dunha praza de pediatría para atender aos preto de mil nenos e nenas correspondentes ás parroquias de Coruxo, Saiáns, San Miguel de Oia e parte de San Andrés de Comesaña. A isto hai que sumarlle que durante os meses de verán a poboación destas parroquias aumenta considerablemente, polo que dispor do servizo de atención pediátrica no Centro de Saúde de Coruxo convértese nunha necesidade urxente.

Tras da recente xubilación da persoa que viña ocupando esta praza procedeuse a cubrila mediante unha substitución en réxime de interinidade e cuxa contratación está previsto que remate en breve sen que se teña asignada a praza de pediatría deste centro de saúde, o cal é indicativo da falla de previsión por parte do SERGAS.

Esta situación está a ocasionar grande preocupación entre ás familias usuarias deste Centro de Saúde que se ven abocadas a ser atendidas no Centro de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:13
Nº Rexistro: 31997
Data envío: 07/06/2018 10:13:07.706

Saúde de Navia (ou no caso das tardes no servizo de urxencias pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro) .

O Centro de Saúde de Navia xa presenta serios problemas de masificación tanto pola alta poboación infantil existente nesta parroquia así como polo traslado dos preto de 900 nenos e nenas correspondentes ao Centro de Saúde de Coia.

Desde o BNG, sendo conscientes da falla de pediatras existente, consideramos que o SERGAS coa súa política de amortización de prazas e de recortes en atención primaria segue sen atender debidamente a demanda de pediatras nos centros de saúde de Vigo, en concreto nos de Coruxo e Navia.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Que pasos se están a dar dende o SERGAS co fin de garantir a cobertura das prazas de pediatría nos Centro de Saúde de Galiza?

-Que pasos se están a dar dende o SERGAS co fin de garantir a cobertura da praza de pediatría no centro de saúde de Coruxo?

-Ten previsto o SERGAS dotar ao servizo de pediatría do Centro de Saúde de Navia dunha cuarta praza de pediatría así como unha máis de enfermería, tal e como se está a demandar, co fin de atender debidamente a elevada poboación infantil asignada a este centro de saúde?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:13
Nº Rexistro: 31997
Data envío: 07/06/2018 10:13:07.706

-Ante a escaseza de pediatras existente no conxunto de Galiza, que medidas se están a adoptar para garantir a atención pediátrica para o conxunto da poboación infantil?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/06/2018 10:10:19

Ana Pontón Mondelo na data 07/06/2018 10:10:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/06/2018 10:10:27



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:13
Nº Rexistro: 31997
Data envío: 07/06/2018 10:13:07.706

Olalla Rodil Fernández na data 07/06/2018 10:10:29

Noa Presas Bergantiños na data 07/06/2018 10:10:30

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2018 10:10:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:55
Nº Rexistro: 32005
Data envío: 07/06/2018 10:55:36.159

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para resposta oral en Comisión.

O derradeiro dos moitos avisos que nos leva dado o lume nos últimos tempos, agravado co que xa é certeza de estarmos inmersos nun ciclo climático seco e con altas temperaturas, debería facernos reflexionar seriamente sobre a ordenación dos nosos montes e o como defendelos e defendernos dos posibles lumes, cada vez máis virulentos e ameazadores non so co monte senón con vivendas, infraestruturas e facendas.

A inaceptable culpabilización a tramas terroristas incendiarias, cuestionadas pola fiscalía e por todos aqueles que din entender algo deste asunto, que serviu para evadir responsabilidades directas por parte do goberno galego no desastre do mes de outubro, ten que levarnos a pensar seriamente no tema.

O noso monte está ameazado por varias circunstancias que inciden no caos en que se encontra. Dado que a gran ameaza reside na súa dificultade para ser xestionado será aí onde teñamos de busca-las solucións.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:55
Nº Rexistro: 32005
Data envío: 07/06/2018 10:55:36.159

Temos os montes veciñais en man común, 700.000Has, con exemplos modélicos de xestión e aproveitamento multifuncional pero tamén cunha significativa cantidade deles que están mal xestionados ou en franco abandono.

Como solución a este problema a Consellería de Medio Rural proponnos nesta última lei de Acompañamento dos Orzamentos a incautación destes Montes Veciñais por 50 anos e a súa inclusión no Bantegal.

Todo isto sen probar antes un plano de incentivación dos comuneiros e posta en marcha dun plan de reactivación desta singular figura tan arraigada antano e que a súa desaparición e posterior recuperación deu lugar a tantos e tantos conflitos coma defensa á desaparición do uso comunal do monte e repoboacións salvaxes do ICONA de mediados do século XX.

Ten a ver esta iniciativa co convencemento de que o feito de que o monte teña unha funcións social, participativa, de propiedade e xestión común, ten a ver coa concienciación, vixilancia e rexeitamento social do lume coma práctica de risco ou coma agresión e solución a vellos e enquistados problemas.

Soamente desde a visión do monte coma espazo necesario, de propiedade común, posto en valor e con rendementos visibles, en definitiva coma valor de futuro poderemos iniciar unha longa andaina de eliminación e extinción social do lume coma solución ó caos.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:55
Nº Rexistro: 32005
Data envío: 07/06/2018 10:55:36.159

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Van facer unha incautación por 50 anos, entregando á iniciativa privada aquelas comunidades de montes que consideren en abandono antes de tentar medidas de intermediación que respecten a titularidade da veciñanza comuneira?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/06/2018 10:53:23



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:55
Nº Rexistro: 32005
Data envío: 07/06/2018 10:55:36.159

María Montserrat Prado Cores na data 07/06/2018 10:53:31

Ana Pontón Mondelo na data 07/06/2018 10:53:32

Olalla Rodil Fernández na data 07/06/2018 10:53:34

Noa Presas Bergantiños na data 07/06/2018 10:53:35

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2018 10:53:38

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.**, relativa ao Ano Europeo do Patrimonio Cultural.

O patrimonio galego periga por mor das políticas da Xunta de Galicia. Ao parecer, o noso rico legado cultural non merece as atencións do Goberno popular. Así o demostra o feito de que, ano tras ano, teñamos que denunciar o deterioro dos mesmos bens. Outra vez temos que advertir do estado lamentable no que se atopa o sanatorio de Cesuras, do que só se conserva a fachada exterior e os muros internos; outra vez temos que denunciar o proceso de ruína que afronta a torre de Taboi, de finais da idade media; outra vez temos que sinalar o abandono da torre de Guimarei, un ben de interese cultural que puido ser un dos escenarios das revoltas irmandiñas; outra vez temos que lamentar que o mosteiro de Santa Comba de Naves, un mosteiro beneditino fundado a finais do século IX, se atope cuberto pola vexetación e sexa vítima de espolio. E así poderíamos continuar enumerando unha longa lista de bens patrimoniais que sofren o desleixo da Xunta de Galicia.

O Goberno popular non entende que o patrimonio cultural, que condensa os valores, as tradicións e as manifestacións artísticas dun pobo, é un rico legado que temos a obriga de preservar, difundir e legar ás xeracións futuras. Non entende, tampouco, que o patrimonio conta cun inmenso potencial para xerar oportunidades de crecemento social e económico que contribuirían a fixar a poboación no territorio. Non entende, polo tanto, que o seu coidado nos compete



a todas, pero moi especialmente ás diferentes administracións, que deben poñer os medios materiais e humanos necesarios para que o mantemento e a divulgación do noso legado sexa posible.

O Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea decidiron declarar o 2018 “Año Europeo do Patrimonio Cultural” co obxecto de reivindicar o patrimonio cultural europeo. A iniciativa non debeu chegar aos despachos da Xunta de Galicia e, se chegou, foi rapidamente esquecida, xa que non se están a adoptar as súas medidas. O Parlamento Europeo e o Consello instan a “poñer de releve os mellores medios para garantir a conservación e salvagarda do patrimonio cultural de Europa, así como o seu desfrute por parte dun público máis amplo e diversificado, incluídas medidas para chegar a un público máis amplo y accións educativas en materia de patrimonio, promovendo así a inclusión e a integración sociais”. Chaman, así mesmo, a “potenciar a contribución do patrimonio cultural europeo á sociedade e a economía a causa do seu potencial económico directo e indirecto, que comprende a capacidade para apoiar aos sectores culturais e creativos, incluídas as pequenas empresas, e inspirar a creación e a innovación, así como para fomentar o desenvolvemento e o turismo sostíbles, mellorar a cohesión social e xerar emprego a longo prazo”. O Goberno da Xunta de Galicia debería facer seus estes obxectivos xerais e comezar a actuar en consecuencia. Quizais, dese xeito, os próximos anos non teríamos que lamentar novas perdas patrimoniais.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que está a facer a Xunta de Galicia para promover modelos de xestión participativa do patrimonio cultural?



- Que medidas se están a tomar para que o patrimonio cultural sexa accesible a todos?
- Estase a sensibilizar ao público acerca da importancia do patrimonio cultural a través da educación e a divulgación?
- Vaise promover a investigación e a innovación en relación co patrimonio cultural?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/06/2018 11:04:06



Luca Chao Pérez na data 07/06/2018 11:04:18



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 11:31
Nº Rexistro: 32015
Data envío: 07/06/2018 11:31:46.237

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Nunha visita realizada no pasado mes de Xaneiro ao concello de Ares, o conselleiro de Sanidade –Jesús Vázquez Almuiña- adiantaba que o novo Centro de Saúde de Ares estaría operativo no verán deste ano. Ademais das novas instalacións, o conselleiro avanzaba tamén a entrada en funcionamento de novos servizos.

Con esta nova poñíase fin, polo menos teoricamente, a preto de dúas décadas de reivindicación por parte da veciñanza de Ares; primeiro contra das pretensións de traslado das instalacións fóra do casco urbano e, posteriormente, reclamando a concreción de investimentos e prazos para facer realidade esta demanda social.

O certo é que desde o pasado mes de marzo semella estar rematado todo o relacionado coa obra civil, e sen embargo non se produciron novidades no tocante ao traslado de medios que permitan facer operativas realmente as novas instalacións para a cidadanía.

Hai que sinalar, ademais, que na tempada do verán prodúcese un máis que notábel aumento da poboación –polo tanto, tamén de persoas potencialmente usuarias dos servizos sanitarios- polo que o lóxico sería implementar os medios para que as novas instalacións estivesen operativas antes do comezo da tempada do verán; evitando



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 11:31
Nº Rexistro: 32015
Data envío: 07/06/2018 11:31:46.237

os prexuízos que se puideran derivar da coincidencia do traslado co aumento da poboación.

Á vista desta situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Coñece a Xunta a situación actual no referente á execución e remate da obra civil do novo Centro de Saúde de Ares?

-Existe algún problema co traslado do operativo que está a prestar o servizo de atención sanitaria nas instalacións provisionais ao novo Centro de Saúde?

-Que servizos sanitarios aumentarán –segundo o avanzado polo Conselleiro de Sanidade na visita a Ares o pasado mes de xaneiro- con respecto aos que actualmente se están a prestar?

-Que prazos manexa a Xunta para a posta en marcha definitiva de todos os servizos sanitarios nas novas instalacións?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 11:31
Nº Rexistro: 32015
Data envío: 07/06/2018 11:31:46.237

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/06/2018 11:29:42

Ana Pontón Mondelo na data 07/06/2018 11:29:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/06/2018 11:29:48

Olalla Rodil Fernández na data 07/06/2018 11:29:49

Noa Presas Bergantiños na data 07/06/2018 11:29:51

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2018 11:29:52

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa ao cambio de xornada lectiva nos centros CEIP de Seixalvo, CEIP Plurilingüe do Carballiño e CPI Virxe da Saleta de Cea.

O 22 de maio os medios públicos fixéronse eco dun “histórico conflito de horarios” do Colexio Ben-Cho-Shei de Pereiro de Aguiar en Ourense. A titular de Infraestruturas, Ethel Vázquez, acompañada da Delegada da Xunta, Marisol Díaz, e o Secretario Xeral de Educación, Jesús Oitavén, reuníronse coa Asociación de Nais e Pais (Anpa) do centro.

Adiantarase o horario unha hora para que os nenos e nenas non se esgoten tendo que pasar tanto tempo no centro, como ocorre nos demais colexios da cidade e para que os pais e nais poidan conciliar as súas vidas laborais e familiares. Polo tanto, no vindeiro curso será posible atender a demanda de cambio de horario escolar habilitando 5 novos autobuses cos seus respectivos acompañantes. A mellora será posible grazas a un orzamento de 92.000 € anuais, compartidos entre as Consellerías de Infraestruturas e Educación. No mes de setembro será validado pola comunidade educativa.

Esa medida de racionalización é a mesma que demandan hai tempo as anpas e direccións dos centros: CEIP de Seixalvo, CEIP Plurilingüe do Carballiño e CPI Virxe da Saleta de Cea. Porén é importante ter en conta a outras asociacións que están na mesma situación que o Colexio Ben-Cho-Shei e que teñen demandado solucións similares. Segundo a Conselleira de Infraestruturas, Ethel



Vázquez, o seu obxectivo para 2019, aproveitando a caducidade de todas as concesións, é racionalizar e mellorar o transporte público en Galicia en base ás críticas construtivas que están recibindo. Analizarán caso por caso a atención a outras comunidades educativas que o requiran. Tamén afirmou que a Xunta está "aberta" a adaptar o transporte ás necesidades reais, sobre todo, do rural. Asegurou que xa se estudan outras necesidades de centro escolares, como o Calvo Sotelo do Carballiño.

O CEIP de Seixalvo conta na actualidade con 199 alumnos e alumnas de 152 familias pertencentes ao Concello de Ourense, pero ademais tamén doutros concellos estremeiros como San Cibrao das Viñas, Taboadela e parte de Paderne de Allariz, polo que a maioría dos nenos e nenas son transportadas dende o seu lugar de orixe ao centro educativo.

O seu horario escolar presenta dúas realidades: Nos meses de xuño e setembro en horario continuo de 9:30 a 14:30 horas con servizo de transporte e comedor.

O resto do ano académico en horario partido de 10:00 a 14:00 horas, comedor de 14:00 a 15:00 horas, actividades extraescolares de 15:00 a 16:00 e unha hora máis de aulas a continuación, ata as 17:00 horas.

Moitos dos cativos que cursan a etapa de Infantil en unitarias da zona gozan da xornada única durante tres anos para logo atoparse cos problemas que supón este horario do CEIP de Seixalvo unha vez que pasan a cursar a etapa de primaria neste centro. Resulta incomprensible e antipedagóxico que os nenos e nenas xusto ao rematar o comedor (de 14:00 a 15:00 horas) realicen actividades extraescolares deportivas, musicais, artísticas, etc... (de 15:00 a 16:00 horas) para a continuación ter que tornar de novo ás aulas unha hora máis (de 16:00 a 17:00 horas) de materias curriculares. Asemade o remate da xornada ás cinco da



tarde, obriga ao alumnado a realizar outro tipo de actividades programadas polo concello ou outros organismos sen ter descansado antes ou sen ter realizadas as tarefas escolares para a xornada seguinte.

A maioría da comunidade educativa do CEIP Seixalbo solicita que se manteña a xornada lectiva de xuño e setembro de 9:30 a 14:30 horas co mesmo servizo de transporte e comedor. Este horario permite que o alumnado teña acceso ás actividades extraescolares unha vez rematado o período lectivo, ou que poidan descansar, xogar, continuar coa súa formación, tempo de ocio, etc. A diferenza doutros centros educativos de Ourense que gozan dunha xornada continuada, o alumnado do CEIP Seixalbo está a sufrir as graves consecuencias dunha xornada partida sen máis xustificación que a negativa do transporte a manter o horario continuado todo o ano.

O CEIP de O Carballiño conta con 546 alumnos/as, aínda que deberan ser máis. Réstanlles matriculación colexios de centros estremeiros que teñen mellor horario e recursos complementarios que o deles: son Maside, Boborás, e O Irixo. Contan con 13 liñas de autobús. Todas as empresa fan a maioría das rutas. Poderían cambialas e adaptarse ás necesidades. O horario escolar, agás en xuño e setembro é: de luns a xoves de 10:15 ás 13:45 h e de 15:15 ás 17:15h. Os venres de 10:15 ás 13:15 h.

Neste centro xa se fixo a enquisa sobre o cambio de horario do centro, en marzo deste ano, e os resultados foron a favor con el 95%. (votaron SI: 333, Non: 39 e houbo 3 votos en branco). O horario tamén é distinto nos meses de xuño e setembro: 9:45 á 14:30; e os de comedor de 14:30 ás 15:30. O resto do ano (de luns a xoves) : 10:15 ás 13:45; Comedor de 13:45 ás 15:15. Tarde: de 15:15 ás 17:15h. Venres: 10:15h ás 13:15h; comedor de 13:15h ás 14h.

Ás familias desta Vila éelles imposible conciliar a vida familiar e laboral polo



horario e a falla de prazas de comedor. Son as nais as que soportan a "situación " de non poder acceder ao mercado laboral despois de ter aos seus fillos e fillas ao ter que retrasalo de forma indefinida, con todo o que iso supón. E o máis importante, o horario é antipedagóxico.

No caso do CPI Virxe da Saleta, o seu horario está tamén condicionado polo servizo de transporte escolar, pois comparte autobuses con varios centros da comarca. A hora de entrada é ás 10:30 horas, sendo o ultimo centro ao que acoden os autobuses. O alumnado de primaria e infantil xanta ás 14:30, e non entra ás aulas de novo ata as 16:30 os luns e martes e as 16:15 os mércores, xoves e venres. Este tempo é excesivo e innecesario, e no caso de primaria, tamén se desenvolven actividades extraescolares organizadas pola ANPA, intentando aproveitar dalgún xeito o oco. No caso de secundaria, a hora do xantar é ás 15:00h, ten dúas aulas pola tarde os luns e martes, entrando ás 15:50h, e os outros días entran as 16:25h. A xornada remata ás 17:30 os luns e martes e ás 17:15 os mércores, xoves e venres. Algúns alumnos xa teñen manifestado o seu malestar por chegar tan tarde á casa, o que dificulta a realización doutras actividades, ademais das tarefas escolares. En numerosas ocasións realizáronse intentos de buscar un horario máis pedagóxico, pero sempre se atoparon coa imposibilidade de desbloquear o tema do transporte, pois suporía un investimento por parte da Consellería que non foi viable ata o día de hoxe.

As comunidades educativas esperan, que non haxa agravios comparativos nin diferentes tratos. As súas críticas son totalmente construtivas. Nos centros dos que falamos tamén poderían referendar a súa demanda coa a maioría de pais, nais e docentes.

Polo exposto preséntanse a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



-Vai a Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria coordinarse coa Consellería de Infraestruturas para cambiar as xornadas lectiva dos Centros de Seixalvo, O Carballiño e Cea e a incrementar o servizo de transporte escolar se non garante a satisfacción das necesidades das comunidades educativas do mesmo xeito que fixo co Colexio Ben-Cho- Shei de Pereiro de Aguiar?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/06/2018 11:46:33

Luca Chao Pérez na data 07/06/2018 11:46:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

A empresa Tecnosolos Galaicos S. L. desempeñou ata agora a súa actividade na canteira de Miramontes, Grixoa (Santiago de Compostela), elaborando tecnosolos (solos artificiais feitos a partir de residuos) que se destinan na súa maioría á recuperación do solo degradado pola actividade de extracción de áridos na propia canteira.

Tecnosolos Galaicos debe presentar un informe semestral de actividade. No informe do 1º semestre de 2016 a empresa manifesta, no punto 1 –“Relación de entrada de residuos”– que entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2016, recibíronse na instalación 16.039,275 toneladas de residuos, das que se empregaron para a elaboración de tecnosolos 13.229,035 toneladas. No punto 3 –“Destino del tecnosol producido”– dise textualmente: “Hasta la fecha todo el tecnosol producido se encuentra almacenado en espera de su aplicación en las zonas a regenerar dentro de la cantera”.

A afirmación citada non encaixa co feito de que nos proxectos da planta de elaboración de tecnosolos non se contempla ningunha zona de almacenamento, salvo a zona de maduración que ten unha capacidade máxima de 900 toneladas. De feito o proxecto de explotación describe que, tras a maduración, os tecnosolos son transportados directamente á zona de aplicación. Pero a realidade é ben distinta. Os tecnosolos foron almacenados no exterior, preto da planta de



elaboración, nun acopio de varios metros de altitude, creando unha parede artificial no extremo sur da canteira.

No informe semestral de actividade do 1º semestre de 2017, dise que o material elaborado que estaba almacenado durante o 2016 aplicouse na canteira entre os meses de outubro e novembro, mentres a meteoroloxía o permitiu. Segundo o informe, o material producido entre decembro de 2016 e xuño de 2017 almacenouse preto da planta de produción, para ser aplicado entre os meses de xullo e outubro do 2017.

Atendendo á normativa ITR/01/08 –instrución técnica de residuos para a elaboración de solos artificiais– e segundo o recollido nas condicións da resolución 05/10/2016, o tecnosolo deberá achegarse en épocas do ano en que non se produza unha saturación hídrica do terreo. Aparentemente, para cumprir con esta condición, Tecnosolos Galaicos opta por unha solución moito peor que é almacenalos no extremo da canteira, no borde da montaña, nun lugar non impermeabilizado, expostos á auga de choiva, xerando lixiviados directamente cara o exterior da canteira. O problema agrávese tendo en conta que, segundo demostraron as inspeccións, o produto elaborado nin sequera cumpría as condicións para ser considerado tecnosolo e que, ademais, almacenábase sen madurar.

Non se entende, por tanto, por que non contando a empresa cun lugar impermeabilizado e cuberto (para evitar a contaminación por lixiviados) onde almacenar o tecnosolo elaborado, se lle permite empezar a actividade moitos meses antes de que lle fose outorgada a autorización para a aplicación do tecnosolo na canteira (o día 05/10/2016) e como, tendo coñecemento dos almacenamentos a través dos informes semestrais de actividade, non se lle insta a parar a produción ata darlle saída aos acopios. Os lixiviados xerados por esta



acumulación están provocando, aínda na actualidade, vertidos cara as leiras dos veciños que desembocan no regato do Gatofero. Recentemente descubriuse ademais unha posible afección á fonte da que se abastecen os veciños de Miramontes.

Tampouco se comprende o temerario déficit de control da empresa. Nas actas de inspección non figura ningún control de augas subterráneas, que debería realizarse tendo en conta:

- As acumulacións de residuos que lixivian cara a ladeira da montaña mediante unha gabia escavada no terreo.
- A existencia de 3 fontes no contorno próximo dos espazos de aplicación dos tecnosolos.
- Que a ITR/01/08 contempla a posibilidade do control de augas subterráneas no caso de aplicarse tecnosolos a superficies de máis de 1 ha, como é o caso da canteira de Miramontes.
- Que as zonas de aplicación de “supostos tecnosolos” están próximas (200-400 metros) a espazos sensibles (curso fluvial, terreos agrícolas e vivendas).

Atendendo ás analíticas que os inspectores ambientais da propia Xunta realizaron ás mostras recollidas, bótase en falla, ademais, a comprobación de diversas condicións que deben cumprir os tecnosolos conforme á instrución técnica de residuos ITR/01/08 relativa á elaboración de solos artificiais. Falla:

- A verificación dos niveis máximos de microorganismos patóxicos Salmonella e Escherichia coli.
- O ensaio de toxicidade aguda en miñocas conforme ao test OCDE 207.



- O ensaio de emerxencia e crecemento de sementes de plantas terrestres conforme ao test OCDE208.

Nas conclusións da acta de inspección do vertedoiro do 19 de novembro advírtese tamén de que:

- Non se realizan caracterizacións básicas nin probas de conformidade dos residuos que entran no vertedoiro con maior carga orgánica.
- Non se fai un control visual do contido dos residuos antes da descarga do camión no vertedoiro.
- As analíticas do contido de carbono orgánico disolto (COD) en tres mostras arroxaron resultados incompatibles coa normativa vixente.
- A xestión no rexeitamento de residuos é deficiente.
- Nas observación macroscópicas observáronse residuos que non deben entrar no vertedoiro e non están reflexados no libro de incidencias.

Pero o máis grave na xestión do vertedoiro é que, paulatinamente, se está modificando o seu uso de facto para transformalo nun vertedoiro de residuos domésticos que chegan como rexeites doutras plantas.

No proxecto construtivo do vertedoiro, no punto 13 “Protección de la calidad del aire y seguridad en el vaso de vertido. Producción y tratamiento de gases”, estímase que a porcentaxe de materia orgánica recibida no vaso de vertedura sexa aproximadamente, en composición real do 5% , aínda que, nunha posición conservadora partiuse dunha porcentaxe máxima en peso do 10%. Tal e como se reflicte no Protocolo de Admisión controlárase a porcentaxe de materia orgánica por medio das análises que se realizarán aos residuos de entrada. Segundo se describe neste mesmo apartado:

“En el caso concreto del vaso de EYREGA, partiendo de que se prohíbe el vertido de residuos líquidos, que se controlará la presencia de agua en el residuo y que se garantizará el control de presencia de materia orgánica a través de las pruebas de conformidad iniciales del residuo cabe esperar una producción de gas muy reducida en la realidad, tanto por ausencia de insumo a la reacción (bajo % en peso de materia orgánica) como por restricción en la presencia de agua en el residuo (materiales, en general de baja higroscopicidad).”

Pero a realidade é que non se están cumprindo estas condicións sinaladas no proxecto do vertedoiro. Por unha banda, a entrada de líquidos e auga no vaso é superior ao inicialmente previsto. Por outra, as inspeccións confirman que a porcentaxe de materia orgánica que se está admitindo no vertedoiro é moi superior ao 10% estimado no proxecto aprobado.

As consecuencias do desleixo na xestión do vertedoiro falan por si mesmos da ameaza que o lugar supón para a contorna e para a saúde. A auga da choiva que escorra ou filtra a través do amoreamento dos lodos da ría de Noia e o amoreamento dos “supostos tecnosolos” é vertida directamente ao solo, sen ser tratada, por medio dunha gabia escavada sobre o terreo. A situación sigue sen arranxarse 10 meses despois da primeira acta onde se detectan os vertidos cara a ladeira sur da montaña.

O asunto é tan grave que ata a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático tivo que recoñecer na Comisión de Medio Ambiente do 22 de marzo do presente ano que, efectivamente, a situación do vertedoiro non é adecuada pola proximidade ás casas da veciñanza.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión.

- Por que se permitiu que a empresa comezara a actividade de fabricación de tecnosolos destinados á recuperación da canteira no ano 2015 cando a autorización para a súa aplicación na canteira non se outorgou ata o 05/10/2016?
- Por que se permitiu esta práctica de amoreamento de tecnosolos fóra da planta, sobre o terreo e expostos á choiva?
- Fíxose algún control das augas subterráneas e das fontes próximas á canteira? Teñen pensado facer análises periódicas das augas subterráneas e das fontes?
- Fíxo a Xunta análises de microorganismos patóxenos nos tecnosolos?
- Non está xustificada unha investigación profunda coa realización de catas en distintos puntos do vaso para comprobar o tipo de residuos que estiveron entrando?
- Por que case un ano despois de detectar, na inspección iniciada pola denuncia dos veciños, o acopio de supostos tecnosolos e a acumulación dos lodos da ría de Noia directamente sobre o terreo non se retiraron estes residuos contaminantes? Tomouse algunha medida, aparte do peche cautelar da planta de elaboración de tecnosolos, para evitar a contaminación?
- Está autorizada algunha modificación do proxecto de Tecnosolos Galaicos SL para a construción dunhas balsas de lixiviados non contempladas nos proxectos aprobados inicialmente nas autorizacións da empresa?
- Pode entón garantir a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático que non se vai autorizar a ampliación do vertedoiro ao outro oco da canteira nin ningunha outra actividade de xestión de residuos nesta?

- Que medidas vai tomar o vertedoiro para reducir os cheiros que se están a producir e que se intensificaron nos últimos meses e para controlar os gases tóxicos que emanan das chemineas, e cal é o prazo que ten para executar estas medidas?
- Como se pensa paliar os efectos da alta carga de materia orgánica que estivo entrando neste vertedoiro de residuos non biodegradables? Ten pensado a Xunta facer algunha medición da calidade do aire no entorno da canteira?
- Asumir un cambio no proxecto do vertedoiro para permitir unha entrada de materia orgánica moi superior ao inicialmente prevista non requiriría isto dunha modificación substancial da Autorización Ambiental Integrada do vertedoiro?
- Por que, á vista dos resultados das inspeccións ao vertedoiro, onde se detectan incumprimentos importantes da Autorización Ambiental Integrada, incluído un cambio de tipoloxía do vertedoiro que está a provocar graves problemas de cheiros que afectan profundamente á calidade de vida dos veciños, non se considerou a apertura de ningún expediente sancionador?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 07/06/2018 13:57:53

Marcos Cal Ogando na data 07/06/2018 13:58:09



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32032
Data envío: 07/06/2018 14:10:18.326

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre o uso e promoción de toponimia deturpada por parte da RAE e as medidas que debe adoptar o Goberno galego ao respecto.

A Real Academia Española (RAE), facéndose eco do uso reiterado do expresidente do Goberno español M.Rajoy do topónimo deturpado *Sanxenjo/Sanjenjo*, apelaba a través das redes sociais a usar ese termo “fóra de usos oficiais” pois, dixo, é a “forma tradicional en español”.

Previamente, a RAE afirmou que “a grafía en castelán é *Sanjenjo*, mentres que *Sanxenxo* é a grafía en galego”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32032
Data envío: 07/06/2018 14:10:18.326

A institución, coñecedora da legalidade vixente e do disposto no artigo 10 da Lei de Normalización Lingüística de 1983 no que se recolle como única forma oficial e legal da toponimia a galega, provocou coas súas afirmacións unha profunda indignación social entre amplos e diversos sectores da sociedade.

Cómpre lembrar que non estamos a falar da opinión dunha persoa particular senón dunha institución oficial como tamén dun representante público, como foi e aínda é, o señor Rajoy.

A actitude da RAE é, alén do máis, unha falta de respecto cara ao pobo galego e as institucións deste país, que as representan. Polo tanto, é inadmisíbel e pouco entendíbel que a Xunta, como goberno deste país, non se pronuncie ao respeito defendendo a dignidade colectiva de Galiza

As declaracións da RAE non constitúen apenas unha anécdota senón que ao longo do noso propio territorio é habitual ver sinalética con toponimia deturpada, tamén en documentos oficiais do Goberno español –como xa ten denunciado o BNG no Parlamento, da administración de Xustiza ou, sen ir máis lonxe, o Goberno municipal do Concello de Ribeira que insistentemente reincide no uso do termo deturpado *Riveira*.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que opinión lle merece á Xunta de Galiza a actitude da RAE en relación ao uso de toponimia deturpada?
- Dirixiuse ou pensa dirixirse o Goberno galego á RAE para lle lembrar, cando menos, o disposto na Lei de Normalización Lingüística (1983) especialmente no artigo 10?
- Que medidas está a adoptar a Xunta de Galiza para garantir o cumprimento da lei en relación á toponimia?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32032
Data envío: 07/06/2018 14:10:18.326

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/06/2018 14:07:04

María Montserrat Prado Cores na data 07/06/2018 14:07:10

Ana Pontón Mondelo na data 07/06/2018 14:07:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/06/2018 14:07:13

Noa Presas Bergantiños na data 07/06/2018 14:07:15

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2018 14:07:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

En decembro de 2017 presentouse no Concello de Teo o “Proyecto básico y estudio de impacto ambiental para la solicitud de la autorización ambiental integrada de las instalaciones de Gestión de residuos ubicadas en Teo La Coruña” presentado por TOCA SALGADO SL (Grupo TOYSAL).

O proxecto correspóndese cunha planta de tratamento de residuos moi específica, pois trataríase basicamente de residuos de orixe animal: SANDACH (Subproductos Animais Non Destinados ao Consumo Humano) e xurros, así como, lodos de EDAR e EDARI. Os produtos obtidos do tratamento de residuos serían: biogás y fertilizantes ademais de, secundariamente, un gran volume de auga.

A planta de tratamento ubicaríase nos terreos dunha antiga canteira a ceo aberto denominada Casalonga.

A reciclaxe e tratamento correcto de residuos, particularmente os de orixe animal, é unha actividade necesaria pero debe ser ubicada e xestionada con totais garantías para a poboación e a contorna natural ademais de ir acompañada por un estudio de impacto ambiental completo e rigoroso.

A ubicación non parece a axeitada por situarse no medio dunha zona residencial moi poboada e os terreos onde se ubican as instalacións son inestables e con



posibilidade de desmoronamento, acarcavamento ou deslizamento, posto que o terreo son restos da antiga canteira.

Por outra banda existen dúbidas en canto ao impacto ambiental sobre flora e fauna, consumo e verquidos de auga, posibles filtracións, etc. o que suporía un impacto negativo para a contorna, o seu medio ambiente e a poboación humana como o pode ser, igualmente, posibles problemas derivados da aparición de pragas, olores, etc.

A impacto socioeconómico local non está suficientemente valorado en absoluto con detalles que poden resultar completamente especulativos.

O rigor neste aspecto é fundamental e no proxecto presentado detéctanse numerosos puntos que xeran dúbidas sobre o conxunto do proxecto, nomeadamente na xustificación da ubicación, nunha zona con poboación moi preto, pero tamén do desfase das cantidades que entrarán, protección de especies vexetais ou animais, a xestión hídrica, ou que non se estudan en profundidade os impactos producidos polos cheiros ou a proliferación de pragas.

Tampouco se indican que tipo de residuos entrarán nin que distancias percorreren.

Estas deficiencias incrementan as sospeitas de que se converta esta instalación noutro vertedoiro incontrolado que provoque impactos e molestias á veciñanza.

Por todo o exposto o Grupo de En Marea presenta a seguinte pregunta para resposta oral en Comisión:

- 1) Que valoración fai a Xunta de Galicia deste proxecto para unha planta de tratamentos de residuos?
- 2) Considera que a ubicación proposta é a idónea?



3) Considera que a documentación presentada é suficiente e suficientemente rigorosa?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 07/06/2018 14:12:47

Marcos Cal Ogando na data 07/06/2018 14:12:54

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administracións Xeral, Xustiza e Interior.**

Distintas institucións da Unión Europea levan décadas alertando da pervivencia de fortes desigualdades entre homes e mulleres nos eidos da ciencia e a investigación e as graves consecuencias que isto ten para a organización do Espazo Europeo de Investigación, ao tempo que defenden que é absolutamente imprescindible a incorporación de políticas transversais e que teñan unha perspectiva de xénero nas políticas públicas de I+D+i para rematar coa invisibilidade e a segregación das mulleres nestes ámbitos

Estas necesarias políticas públicas transversais que rompan as desigualdades e que faciliten a carreira científica das mulleres, foron iniciadas polo goberno de coalición de PSOE e BNG.

En 2006 aprobouse unha iniciativa neste Parlamento para crear a Unidade de Muller e Ciencia que tiña que ser o buque bandeira destas políticas. Foi creada en 2007 coa incorporación de igualdade, pero tamén cos departamentos de Educación, Universidade, Investigación e Innovación. Os seus obxectivos eran poñer en marcha políticas, que cunha perspectiva integral e transversal, promoveran a eliminación nos desequilibrios no eido da investigación da innovación e da xestión de I+D+i, realizar informes e avaliacións para coñecer a situación das mulleres no ámbito científico, situar nos estudos e actividades científicas a perspectiva de xénero nun primeiro plano e incrementar a presenza das mulleres nos ámbitos científico e tecnolóxico de Galicia.

Pero dende a chegada do PP ao goberno de Galicia en 2009 a Unidade de Muller e Ciencia, aínda que permanece no papel, quedou paralizada.

Tan paralizada que as noticias na páxina web da Unidade son de 2009, ademais desapareceu dos orzamentos e, habendo rematado o I Programa de Muller e Ciencia en 2012, tardaron 4 anos en facer o II Programa, 2016-2020. Tanta é a desidia que este II Programa non está colgado na páxina web da Unidade.

 Grupo Parlamentario

A Unidade de Muller e Ciencia é un instrumento fundamental para rachar coas desigualdades entre mulleres e homes polo que é preciso que volva a funcionar de inmediato

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª.) Cal foi a última acción levada a cabo por esta Unidade excluindo a entrega do Premio Josefa Wonenburger ?

2ª.) Pensan actualizar a páxina web da Unidade de Muller e Ciencia?

3ª.) Cantas veces se reuniu o Pleno da Unidade Muller e Ciencia nos anos 2017 e 2018? En que datas e con que orde do día en cada unha das reunións?

4ª.) Creouse na presente lexislatura algunha comisión de traballo na Unidade de Muller e Ciencia? Con que fin?

5ª.) Cal foi o último estudo realizado pola Unidade de Muller e Ciencia sobre a realidade da muller nos eidos da ciencia, a investigación e a tecnoloxía?

Pazo do Parlamento, 6 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/06/2018 14:33:13

María Luisa Pierres López na data 07/06/2018 14:33:24

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa á escolarización dos alumnos de Culleredo procedentes dos centros adscritos Sofía Casanova e do Isaac Díaz Pardo no IES REGO DA TRABE.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula no seu capítulo III do título II, rubricado «Equidade na educación», a escolarización en centros públicos e privados concertados, e establece que as administracións educativas deberán regular a admisión do alumnado de tal forma que se garanta o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e **a liberdade de elección de centro por parte de nais, pais, titoras e titores.**

O Decreto 254/2012 establece na exposición de motivos esta liberdade de elección de centro por parte das nais e pais, así como das titoras.

No artigo 4 recolle os requisitos de admisión nun centro docente, de idade e académicos exixidos polo ordenamento xurídico vixente.

Como criterios xerais de admisión do alumnado no artigo 9.2 di “*nos procedementos de admisión de alumnado nos centros a que se refire o presente decreto, cando non existan prazas suficientes terá prioridade aquel que proceda dos centros de educación infantil, educación primaria ou educación secundaria obrigatoria que, respectivamente, teñan adscritos.*”

A demanda de prazas para o instituto Rego da Trabe superou xa a oferta. O centro que resolvera o problema facendo 4 aulas no primeiro e segundo curso de da Educación Secundaria Obrigatoria decidiu eliminar a 4^a aula extra co que deixa fóra a 12 alumnas e alumnos procedentes de centros adscritos.



Para o curso 2018-2019 oferta simplemente 90 prazas para 3 clases, xa que é un instituto liña 3, é dicir, 3 aulas por nivel, e isto provoca que os alumnos que veñen de colexios adscritos, do CEIP Sofía Casanova e do CEIP Isaac Díaz Pardo, quedaran sen praza no prazo de solicitude para 1º de ESO.

A Xunta de Galicia confirmou a supresión da cuarta aula extra, os rapaces que se queden sen praza irán ao instituto Blanco Amor, que incorporou o bacharelato por petición destas familias afectadas pola supresión da 4º aula no instituto Rego da Trabe, instituto que está máis lonxe das vivendas das familias, e para o que non contan con servizo de autobús.

Parece bastante fácil a solución, sempre será menor o custo da escolarización deste alumnado no Instituto Rego da Trabe, que o mantemento dun servizo de autobús para 12 nenas e nenos que ocasionaría a súa derivación ao instituto Blanco Amor, posto que as familias non contan con este servizo, e tamén evitará os desprazamentos das familias coas crianzas ata o instituto Blanco Amor, amén da integración do alumnado cos seus compañeiros e compañeiras cos que estudaron toda a vida.

Polo anterior, preséntanse as seguintes Preguntas:

1.ª) Vai escolarizar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos 12 alumnos/as procedentes dos centros adscritos Sofía Casanova e do Isaac Díaz Pardo no IES REGO DA TRABE, a través da cuarta aula suprimida?

2.ª) Vai modificar a liña 3 por liña 4 do instituto IES Rego da Trabe para permitir a absorción do alumnado procedente dos centros adscritos?



3.^a) Vai crear o mapa de zonificación escolar do Concello de Culleredo?

4.^a) Vai ofertar escola pública, gratuíta e de calidade?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,

Luca Chao Pérez,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/06/2018 16:21:29

Luca Chao Pérez na data 07/06/2018 16:21:37

Á Mesa do Parlamento

Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia, aprobada pola maioría do Partido Popular, regulou que os servizos de transporte escolar estarían vixentes ata o ano 2020, a través de prórrogas anuais automáticas. Igualmente establecía as bases do que se denominaba “Plan de modernización do transporte”, pero dita planificación foi posteriormente declarada ilegal, e consecuentemente tamén os servizos de transporte escolar, se ben se continuaron durante moitos anos realizado polos mesmas empresas que daquela o estaban prestando, e así acontece incluso na actualidade.

Eses contratos, como practicamente a totalidade de contratos realizados polas administracións públicas, estaban suxeitos a súa actualización, neste caso en función da evolución anual do IPC galego. Así aconteceu nos anos 2011 e 2012, onde a consellería con competencias en educación procedeu a realizar e abonar os pagos correspondentes a estes servizos coa súa correspondente actualización.

Pero dende o ano 2013 ao actual exercicio de 2018, a través de disposicións adicionais de similar contido incluídas nas sucesivas leis orzamentarias, a Xunta de Galicia decidiu non abonar tales actualizacións dos servizos prestados para o transporte escolar, senón que vén establecendo que se abonarán en exercicios futuros.

Así nos sucesivos anos de 2013 a 2016, se establecía que as contías debidas deses períodos se abonarían a partir do ano 2017. Pero chegado tal ano, se volveu a pospoñer para exercicios futuros, para chegar, na

Grupo Parlamentario

Lei de orzamentos do ano 2018 actualmente en vigor, a establecer que as cantidades pendentes se pagarán nos anos 2019 e 2020.

Existen moitas dúbidas sobre a legalidade de tales preceptos, xa que, entre outras cuestións, difiren o pago coas cantidades xa debidas pola prestación destes servizos, prescinden do procedemento xeral establecido e modifica unilateralmente as condicións pactadas, ademais de supoñer un factor que pode poñer en perigo mesmo o equilibrio das empresas, que teñen que facer fronte a aumentos anuais dos seus custes, tales como os combustibles ou os incrementos do seu persoal e un trato diferencial respecto a o do resto de adxudicatarios de servizos e provedores da Xunta de Galicia. Ademais de poñer en xuízo a mesma constitucionalidade da norma aprobada polo Parlamento de Galicia.

Un proceder ademais incompatible e contrario ao discurso de remate de crise que veñen expoñendo os actuais responsables políticos da Xunta de Galicia, así como do cumprimento puntual de pago aos diferentes provedores, cando se lle retrasan as súa actualización durante máis dun lustro.

Nesta fuxida ata diante do Goberno autonómico a débeda acumulada vaise facendo cada vez máis avultada e cuantiosa, tendo en conta ademais que, segundo xurisprudencia acontecida, resultará previsible a aplicación dos correspondentes intereses de demora. Todo o cal nos leva a unha contía pendente que ascenderá a máis de vinte millóns de euros, tendo en conta que o gasto anual en transporte escolar achégase aos 115 millóns de euros/ano (115.585.962 €, segundo o dato (de obrigas) facilitado na execución orzamentaria pola propia Xunta de Galicia para o ano 2017).

Ante esta situación son numerosas as empresas de transporte que xa realizaron os correspondentes recursos e están a levar aos tribunais as súas reclamacións, o que pode levar a que, ademais dos gastos anteriores, a Xunta de Galicia teña que facer fronte ás correspondentes costas xudiciais.

Por todo o anterior, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración realiza a Xunta de Galicia das cantidades pendentes de aboar polo transporte escolar dende o ano 2013 á actualidade?
2. Cal é a contía que ten acumulada ao respecto?
3. Consta como tal nas débedas da Comunidade Autónoma?
4. En que partida concreta?
5. Inclúese na anterior contía o pago de intereses de demora?
6. Ten garantía da legalidade e constitucionalidade das normas que posibilitaron tales actuacións?
7. Ten previsto volver a incluír no Proxecto de orzamentos para o ano 2019 unha disposición adicional similar ás aprobadas dende o ano 2013 ao respecto?

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 07/06/2018 16:23:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/06/2018 16:24:39

María Luisa Pierres López na data 07/06/2018 16:25:33



 [Grupo Parlamentario](#)

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/06/2018 16:25:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Como consecuencia da entrada en vigor da chamada primeira fase do plan de transporte, pola Dirección Xeral de Mobilidade procedeuse á resolución de diversos contratos de transporte escolar que tiña prorrogados ata o 2020. Diversas empresas formularon alegacións opoñéndose a tal resolución contractual, dando lugar a unha serie de informes e trámites administrativos, para ser posteriormente remitidos para o seu preceptivo ditame ao Consello Consultivo de Galicia.

O acordo do Consello Consultivo de Galicia establece a falla de documentación esencial para o seu pronunciamento e devolve o expediente á Xunta de Galicia para a emenda dos defectos observados. Entre outras consideracións resolve o Consello Consultivo de Galicia:

*“Contra o manifestado na proposta de resolución sometida a ditame, a mera concorrencia do interese público ínsito nas actuacións de racionalización e estruturación ás que se refire o artigo 88 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, **non habilita per se á resolución dos contratos administrativos para a prestación do servizo de transporte escolar**, senón que esta resolución haberá de atopar fundamento nalgunha das causas previstas na lei ou no prego para tales contratos.*

E é aquí onde é preciso que pola instrución se proceda a analizar cal sexa a natureza dos contratos administrativos de razón e, logo de determinada tal natureza, concretar a causa de resolución contractual que, prevista para aquel tipo de contrato na lei ou nos pregos, sirva de fundamento ao procedemento de resolución incoado.

Igualmente manifesta o Consello Consultivo de Galicia que “***sería aconsellable recadar o parecer da consellería con competencias en materia de educación, que era o departamento cuxo titular ata o de agora ostentaba a condición de órgano de contratación e controlaba a execución dos contratos de transporte escolar***”, cuestión que, inexplicablemente, dende a administración autonómica non se realizara.

Manifesta polo tanto o Consello Consultivo de Galicia que “***cómpre que pola instrución se dite unha nova proposta de resolución***”, dando un novo trámite de audiencia, ao tempo que establece un prazo de dous meses para que pola Dirección Xeral de Mobilidade se corrixisen os defectos relevantes realizados.

Ante esta conclusión do ditame de acordo de devolución de expediente de resolución de contrato, a consellería procede inicialmente a ampliar o prazo para resolver o procedemento de resolución.

Pero, lonxe de volver a iniciar o procedemento de tramitación e seguir os criterios marcados polo Consello Consultivo de Galicia, modifica os seus argumentos para establecer que non é posible acordar un novo procedemento, concluindo que son contratos extinguidos e, de forma sorprendente, agora resolve a caducidade e arquivo de expediente.

Tal xeito de actuar é dunha temeridade manifesta, contraria ao cumprimento dos deberes básicos por parte de calquera servidor público e supón, canto menos, un abuso inxustificable por parte da administración autonómica, pois é arbitraria e contraria á lexislación actualmente en vigor.

Por todo o anterior, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas en relación ás resolucións de contratos ditadas respecto a diversos servizos de transporte escolar pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda:

1. Por que non foron seguidos os criterios emanados dende o Consello Consultivo de Galicia?
2. Por que as considera xa que logo axustadas a dereito?

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Ten previsión da contía co que terán que ser indemnizadas estas empresas?
4. Por que estima positivo que a consellería con competencias en materia de educación non teña participación nos diversos trámites do transporte escolar?
5. É consciente das negativas consecuencias ás que pode dar lugar?

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 07/06/2018 17:19:46

María Luisa Pierres López na data 07/06/2018 17:19:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/06/2018 17:19:57

Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na Comisión 6ª, relativa ao grao de avance do proxecto de compra pública precomercial no ámbito dos drons.

O proxecto Civil UAVS Initiative polo que a Xunta de Galicia pretende situar a Galicia como referente internacional no desenvolvemento de drons supón un dos maiores esforzos orzamentarios no ámbito do I+D+i.

A primeira fase de Compra Pública Precomercial supón o investimento de 40 M€ públicos achegados pola Xunta de Galicia e o compromiso por parte das empresas adxudicatarias (INDRA e Babcock) de investir 75 M€ adicionais.

Despois de 2 anos e medio de desenvolvemento desta primeira fase, o proxecto atópase á metade do seu prazo de execución que deberá finalizar en 2020.

Durante estes 2 anos e medio a Xunta de Galicia desenvolveu unha intensa campaña de titulares de prensa, moitos deles contraditorios e visitas protocolarias ao polígono de Rozas. Pero non nos foi posible ata agora obter datos concretos e solventes que demostren o avance real e contrastable do proxecto e a súa incidencia no desenvolvemento dunha industria aeronáutica en Galicia.

Por todo elo, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

- 1.- Que porcentaxe dos 40 M€ de achega pública foron executados nestes dous anos e medio?
- 2.- Que porcentaxe dos 75 M€ de achega privada foron executados nestes dous anos e medio?
- 3.- Afírmase nas comunicacións da Xunta de Galicia que xa hai 18 empresas e centros tecnolóxicos galegos involucrados nesta primeira fase do proxecto? Cales son?
- 4.- Cal é o volume económico total dos contratos asinados por INDRA e Babcock con estas 18 empresas e centros tecnolóxicos?
- 5.- Cal é o volume económico total dos contratos xa executados e pagos por INDRA e Babcock a estas 18 empresas e centros tecnolóxicos?
- 6.- Cal é o número de traballadores directos de INDRA e Babcock implicados no proxecto en Galicia, e en concreto no polígono de Rozas? En que categorías profesionais?
- 7.- Cal é o número de traballadores das empresas auxiliares implicados directamente no proxecto? En que categorías?
- 8.- Á vista do estado actual de desenvolvemento do proxecto despois de 2 anos e medio da súa primeira fase, está a Xunta de Galicia satisfeita da implicación, grao de integración de empresas galegas e desenvolvemento xeral do proxecto por parte dos contratistas principais INDRA e Babcock?



Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/06/2018 18:18:59

Luis Villares Naveira na data 07/06/2018 18:19:14

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre a situación laboral do persoal docente interino

Malia as sentenzas en contra do Tribunal de Xustiza da Unión Europea a interinidade na función pública segue a ser un problema importante neste país. Interinidade que, coa escusa da crise económica, non fixo máis que aumentar superando o 13% no tocante ao persoal interino docente.

Situación que non ten visos de mellorar malia que as devanditas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea obrigan aos Estados membros da UE para reducir e manter a taxa de interinidade da función pública por baixo do 8% e a non encadear máis de 3 anos de contratos temporais. Sentenzas que sinalaron o abuso da temporalidade na Administración, e o trato discriminatorio entre eventuais e fixos, e que interpelan tanto o Goberno central como as Comunidades Autónomas, a revisar a súa lexislación laboral e política de contratacións.

O aumento da temporalidade e a interinidade entre o persoal docente fai que xa teñamos miles de docentes ocupando prazas estruturais e non eventuais, as cales son as que serían o obxectivo da interinidade.

Un aumento da temporalidade que non só supón un prexuízo claro na calidade de vida e os dereitos do propio persoal docente senón que eliminando a estabilidade dos equipos docentes en centos de centros educativos estase minguando a calidade do ensino público.

É urxente, por tanto, acabar coa “fraude” que supoñen estas altísimas taxas de interinidade que se engaden ademais, por efecto dos recortes, á perda de postos de traballo, provocando aulas saturadas e unha perda da calidade do noso sistema



educativo.

Lamentablemente a enunciada oferta de emprego público, lonxe de mellorar esta situación, ameaza directamente aos postos laborais de miles de docentes que levan anos sostendo co seu traballo o noso sistema educativo. Persoal que se ve ameazado por unha transitoria-trampa que pode supor un ERE masivo. E que, en definitiva, non garante iguais dereitos para igual traballo.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Ten previsto o Goberno galego sentarse a negociar co persoal interino para buscar unha forma de estabilización do mesmo?

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 01/06/2018 13:05:24



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/06/2018 13:05:33



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á petición á Consellaría do Mar de que solicite a avocación no Consello da Xunta da decisión da autorización do proxecto mineiro nos concellos de Touro e o Pino.

O proxecto de reapertura da explotación da mina para a extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino, presentado pola empresa Cobre San Rafael S.L., a intención deste proxecto é seguir explotando os xacementos abandonados no ano 1986 e engadir xacementos colindantes que ocuparán unha extensión de 698 Ha, e a súa ubicación en plena conca do río Ulla, ten feito saltar as alarmas na ría de Arousa, polo temor as graves consecuencias que no tecido socioproductivo da ría pode ocasionar esta explotación mineira, xa que os cursos de auga da mina drenan cara o río, e polo tanto a contaminación que xere irá ao mesmo.

O río Ulla é o principal aporte de auga doce á ría e desemboca directamente nos bancos marisqueiros. O impacto medioambiental e no sector productivo, tanto marisqueiro como mexiloeiro e da pesca pode ser letal. A inmensa magnitude dos verquidos da actividade mineira e dos depósitos de almacenamento de residuos supoñen un risco evidente para a calidade das augas deste río e polo tanto do conxunto da ría, da que viven directamente trinta mil familias.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:02
Nº Rexistro: 31831
Data envío: 04/06/2018 11:02:32.900

Tendo en conta o importante impacto que tería a eventual instalación dunha megamina de explotación de cobre no concello de Touro nunha zona comprendida na cunca hidrográfica do río Ulla, polo risco de que materiais pesados e tóxicos se verqueran ás augas de dito río e os seus afluentes e dese xeito a contaminación atinxise a ría de Arousa provocando graves perdas ao sector pesqueiro e marisqueiro, concorren circunstancias de índole económica e social relevantes que xustifican que dita decisión sexa adoptada polo máximo órgano colexiado da Xunta, e non simplemente a través dos órganos sectoriais directamente implicados, avaliando todos os efectos directos e indirectos que a actividade mineira puidera ocasionar. Para iso, a consellaría de pesca ha de tomar a iniciativa e promover a avocación da competencia para decidir no seo do Consello da Xunta finalmente sobre a autorización da mina de Touro, en aras tanto da necesaria coordinación do Goberno galego como de garantir a presenza de todos os órganos e departamentos da administración galega que exercen competencias en actividades que puideran ser afectadas polos efectos de dita explotación mineira.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Tendo en conta que a ría de Arousa está sendo un clamor en contra do proxecto de megaminería que ten solicitado autorización para levarse a cabo nos concellos de Touro e o Pino, que actuacións vai realizar a Conselleira do Mar para impedir a súa aprobación?

-Parécelle asumíbel este proxecto tendo en conta que significa un risco letal para a ría máis produtiva de Galiza?

-Ten realizado a Consellaría do Mar algunha actuación para alertar do risco que supón para o conxunto da ría de Arousa un proxecto de megaminería como o que se pretende levar a cabo nos concellos de Touro e o Pino?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:02
Nº Rexistro: 31831
Data envío: 04/06/2018 11:02:32.900

-Non lle parece suficientemente relevante a magnitude o proxecto, e o risco potencial para a ría máis rica e produtiva de Galiza da que viven directamente máis de trinta mil familias, como para pedir que a decisión sobre o mesmo o tome o conxunto do Consello da Xunta?

-Vai tomar a iniciativa de solicitar e impulsar a competencia do Consello da Xunta de Galiza para o coñecemento e decisión sobre a autorización da apertura do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e o Pino?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2018 10:58:30

Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2018 10:58:36



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 11:02
Nº Rexistro: 31831
Data envío: 04/06/2018 11:02:32.900

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/06/2018 10:58:38

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2018 10:58:39

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2018 10:58:41

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2018 10:58:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:19
Nº Rexistro: 31842
Data envío: 04/06/2018 12:19:23.994

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á actuación levada a cabo pola dirección do HULA diante do suicidio dunha doente nese hospital o pasado 12 de maio.

Tivemos coñecemento a través dos medios de comunicación que o 12 de maio unha muller de 74 anos ingresada no HULA, na planta de cirurxía vascular, quitouse a vida precipitándose desde o cuarto piso por un patio interior do hospital.

O BNG lamenta este tráxico suceso. Un acontecemento que non tiña que acontecer, acontecer a fora nun hospital público. Este falecemento pon de manifesto con toda crueza a dramática situación da atención á saúde mental na sanidade pública galega en xeral e a carencia de programas de prevención do suicidio en particular.

Este caso exemplifica todo o que non se debe facer e pon de manifesto, as moitísimas carencias de recursos e fallos en toda a cadea. Preventivos, suicidio, na comunicación do mesmo aos familiares e no coidado posterior das persoas vinculadas.

Os cadros de persoal son insuficientes, moi por debaixo das ratios precisas para poder prestar unha axeitada calidade asistencial. A atención psicolóxica e psiquiátrica especializada a doentes hospitalizados no conxunto do HULA está por debaixo de mínimos, non existe un programa de prevención do suicidio.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:19
Nº Rexistro: 31842
Data envío: 04/06/2018 12:19:23.994

A pesares da propaganda da Xunta, e do propio Conselleiro que presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia, nada máis se sabe do mesmo. Non se aplican procedementos de actuación ante doentes con risco de suicidio e os que existen só se empregan nas unidades de hospitalización psiquiátrica.

Neste caso, a pesares do neto da falecida ter alertado de que vía á súa avoa animicamente deprimida e que lle tiña manifestado a súa intención de morrer non se lle aplicou ningún protocolo.

No referido á “posvención en superviventes”, a atención aos familiares e entorno, conforme ao indicado na atención en mortes por suicidio, os responsábeis do HULA realizaron unha actuación moi mellorábel.

O Hospital fai unha comunicación nefasta deste trágico suceso coa familia, como se dunha xestión administrativa se tratara. Comunícanlle a morte do familiar vía telefónica, a persoa encargada de xestionar a situación é unha celadora, ninguén de dirección ten contacto coa familia, non lle deixan acceder á cuarta planta onde estaba ingresada, non lle permiten ver o cadáver, ofrécelle recursos de atención psicolóxica ao entorno familiar 11 días despois...

Ante un suceso dramático como este, con moitas dúbidas a respecto do coñecemento dos feitos e a responsabilidade dos mesmos, a familia ten dereito a información veraz e coidadosa do que pasou, información que a día de hoxe non teñen e polo tanto transcorridos máis de 20 días do suceso faise preciso que por parte da dirección do HULA se proceda a facilitar esa información e a tomar todas as medidas precisas para evitar que sucesos deste tipo se poidan repetir.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:19
Nº Rexistro: 31842
Data envío: 04/06/2018 12:19:23.994

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Corresponde a actuación levada a cabo pola dirección do HULA no caso do suicidio de Irene Agrelo o pasado 12 de maio, co que ten establecido o Sergas para estes sucesos?

-Aplicouse o procedemento de actuación ante doentes con risco de suicidio tras o neto da falecida ter alertado de que vía á súa avoa animicamente deprimida, e que lle tiña manifestado a súa intención de morrer ?

-Cal é a razón de que máis de vinte días despois de terse producido o suicidio de Irene Agrelo de 74 anos no HULA, a súa familia aínda non recibira información veraz e coidadosa de todo o acontecido por parte da dirección do Hospital?

-Parécelle que é un proceder correcto diante dun suceso dramático comunicarlle a morte do familiar vía telefónica, a persoa encargada de xestionar a situación sexa unha celadora, ninguén da dirección teña a ben poñerse en contacto coa familia, non lle deixan acceder á cuarta planta onde estaba ingresada, non lle permitan ver o cadáver, non lle ofrezan recursos de atención psicolóxica ao entorno familiar até 11 días despois...?

-Coida que se actuou, nin sequera minimamente, conforme ao indicado na atención en mortes por suicidio para a “posvención en superviventes”, a atención aos familiares e entorno?

-Vai reparar a actuación nefasta levada a cabo por parte da dirección do HULA, e vai proceder a facilitar de inmediato @s familiares de Irene Agrelo de 74 anos que se suicidou o pasado 12 de maio nese hospital, información veraz e coidadosa de todo o acontecido, atención e reparación oportuna?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai dotar ao hospital dun programa de prevención no que se especifiquen actuacións para a humanización da institución e de coidado psicolóxico ás persoas ingresadas nos diferentes servizos, protocolos de actuación nos mesmos e accións de sensibilización, información e formación do persoal sanitario?

-Vai dotar d@s profesionais necesari@s os dispositivos de atención psiquiátrica e de psicoloxía clínica do HULA para garantir as atencións especializadas ás que teñen dereito as persoas ingresadas en todos os servizos do Hospital?

-Vai incrementar o orzamento destinado á saúde mental e á prevención do suicidio dotando adecuadamente os recursos, especialmente os sociais e sanitarios, toda vez que por parte da Xunta de Galicia se está afirmando reiteradamente que estamos en plena recuperación económica?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:19
Nº Rexistro: 31842
Data envío: 04/06/2018 12:19:23.994

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2018 12:16:50

Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2018 12:16:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/06/2018 12:16:56

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2018 12:16:57

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2018 12:16:59

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2018 12:17:00



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 17:17
Nº Rexistro: 31856
Data envío: 04/06/2018 17:17:58.642

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para resposta escrita.

Os mercados actuais están copados no seu labor alimentario polas grandes cadeas de distribución que moven produtos desde os máis recónditos lugares xeográficos do planeta.

Estes alimentos producidos a prezos irrisorios por poboacións que viven en condicións de explotación e de paupérrimas condicións alimentarias, sanitarias e de xustiza social, son postos a prezos cos que a meirande parte das veces os produtores locais non poden competir.

Compiten, si, en calidade, condicións hixiénicas e sanitarias e no control na utilización de fitosanitarios, almacenamento e sobre todo en calidade.

É tamén unha realidade a uniformización de sabores, o sacrificio da calidade e da orixinalidade destes produtos alimenticios en aras da cantidade e do baixo custo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 17:17
Nº Rexistro: 31856
Data envío: 04/06/2018 17:17:58.642

É tamén unha realidade o abandono da fruticultura como actividade agraria neste noso País que pola contra conta cunha vasta variedade de microclimas e solos propicios para o desenvolvemento desta actividade como xeradora de economía e con posibilidades de asentamento de poboación chamando por brazos mozos.

Existe, en Guísamo, antiga sede do CIAM unha colección de variedades autóctonas galegas, preto do medio centenar, recollidas e seleccionadas polos anos 60, de mazás de sidra e de mesa que están á espera de que alguén con bo criterio se lembre da súa existencia e da renomeada sona que antano tiñan entre a poboación deste País e entre a de fóra.

Houbo perante o moi lembrado Bipartito, e non sempre con boas intencións, proxectos para a reintrodución dalgunhas destas variedades que contan con tódolos elementos necesarios: presentación, aroma e sabores, para seren introducidas nun mercado cada vez máis esixente nas personalidades propias e sabores e aromas con "pedigrí".

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Ten pensado a Consellería de Medio Rural facer algo co tesouro xenético, en forma de maceiras, depositado en Guísamo e Mabegondo?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 17:17
Nº Rexistro: 31856
Data envío: 04/06/2018 17:17:58.642

-Ten feito algún estudo de mercado, algún xeito de prospección arredor das posibilidades de futuro e de implantación destes produtos de marca galega ?

-Estaría disposta a Consellería de Medio Rural a considerar a posibilidade de abrir unha liña de axudas a novas incorporacións á actividade hortofrutícola así como reforzar con especies autóctonas a actividade xa existente?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/06/2018 17:17:01



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 17:17
Nº Rexistro: 31856
Data envío: 04/06/2018 17:17:58.642

María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2018 17:17:07

Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2018 17:17:08

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2018 17:17:09

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2018 17:17:11

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2018 17:17:13

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, sobre a situación dos petróglifos da Bacía do río Salgueiro no monte Xiabre.

Durante as tarefas de "Control e Corrección de Impacto sobre o Patrimonio Cultural da Ampliación do Parque Eólico Xiabre (CJ 102A 20061202-0), documentouse unha estación de arte rupestre descoñecida ata ese momento situada no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Rexistráronse 31 rochas gravadas, agrupadas en 14 sitios arqueolóxicos, e realizáronse calcos dos máis complexos, alterados ou próximos á obra.

A área de localización denomínase "Alto de Sobreiras", na vertente suroeste do Monte Xiabre, no concello de Vilagarcía de Arousa. A zona é lindeira polo norte co concello de Catoira e polo sueste co de Caldas de Reis. Sitúase ao leste do curso alto do río do Con, arredor da banda dun regato afluente deste denominado Río Salgueiro.

Varios outeiros flanquean este espazo (o Cotelo de Xan do Corno polo sur-sueste, o Alto de Sobreiras e o Corucho do Río Salgueiro polo leste, o Monte Meda polo noroeste, o Coto de Agudelo polo sudoeste ...), o que determina a súa bada visual, que se orienta cara ao sur-suroeste e dá unha ampla visión da vila de Vilagarcía e da Ría de Arousa.

A localización desta estación rupestre é decisiva para ampliar as análises paisaxísticas desta zona, situada na banda prelitoral da Ría de Arousa e marcada pola elevación do Monte Xiabre, referente de maior altitude tanto dende terra



como dende o mar.

Os petróglifos localízanse na marxe dereita da bada do río Salgueiro, moito máis cóncava e menos afectada por traballos de cantería e repoboación forestal que a beira esquerda (moi irregular, minada de furados e rochas fracturadas e desprazadas que dificultaron enormemente a prospección da zona). Distribúense fundamentalmente definindo o arco noroccidental da bada, ordenando e delimitando a paisaxe na que se inscriben.

En canto ás características estilísticas, a maioría dos sitios arqueolóxicos presentan motivos xeométricos (combinacións circulares, círculos simples, óvalos...) aínda que nun dos casos aparecen representados varios cuadrúpedes (Petróglifo de Sobreiras 12) e noutras dúas rochas aparecen figuras que poden estar representando ferraduras. Todos os petróglifos, agás Sobreiras 2 (probablemente de época histórica), pertencen ao denominado Estilo Atlántico, cuxa cronoloxía se inscribiu tradicionalmente na Idade de Bronce, aínda que estudos recentes están a prolongar o seu uso dende o Neolítico ata a Idade de Ferro (Santos Estévez, 2005). Dende esta perspectiva, certas representacións da bacía do Río Salgueiro gardan unha estreita semellanza con algunhas das rexistradas no petróglifo próximo da Laxe dos Bolos, ou con moitas das representacións documentadas nos Ballotes–Meadelo, onde as últimas estribacións do Xiabre se precipitan ao mar.

En xeral, todos os petróglifos se atopan moi erosionados, polo que os motivos son de difícil lectura, especialmente aqueles que se sitúan nas zonas máis elevadas.

Tamén ocasionaron importantes alteracións os traballos de cantería (moi frecuentes por mor da abundancia e calidade do granito da zona) e os incendios



forestais. Neste senso, a entidade máis afectada é o Petróglifo Monte Xiabre II, que presenta varias placas e escamas orixinadas durante a vaga de lumes do ano 2006, e que están a provocar a perda dos gravados. Por outra banda, o Petróglifo de Sobreiras 12 é particularmente singular, pois varios cuadrúpedes aparecen representados sen cabeza (aínda que algúns deles si presentan restos de cornamenta) e no seu lugar sitúase un suave rebaixe; supoñendo que este sexa antrópico, a súa intencionalidade e cronoloxía son moi difíciles de precisar”

Transcorridos 10 anos dende os traballos de prospección, documentación e rexistro dos Petróglifos da Bacía do Río Salgueiro, o xacemento atópase nun estado de absoluto abandono, o que supón unha grave ameaza para a súa conservación. Actualmente resultan inaccesibles, posto que están totalmente cubertos de vexetación e acubillados polo toxo, do que resulta un evidente risco de lume que aumenta a medida que nos aproximamos á época estival, e que pode ter consecuencias terribles para este conxunto arqueolóxico.

A todo isto hai que sumarlle o anuncio da recuperación do proxecto de ampliación da Canteira de Saiar, que se ben non ten consecuencias directas sobre o xacemento, si que supón un risco en forma de desprendementos e alteracións na zona próxima aos petróglifos.

O descoñecemento e a situación de risco na que se atopan os Petróglifos da bacía do Río Salgueiro no Monte Xiabre débense a unha falta de vontade política. Algo moi difícil de entender cando a ubicación dos petróglifos, na proximidade da área de lecer de Fontefría, aumenta o seu atractivo e un potencial cuxo desenvolvemento depende dunhas cantas actuacións que non supoñen un custe económico moi elevado. Lembremos que os petróglifos, por ser arte rupestre, están catalogados como BIC, e ata o de agora cos petróglifos do Monte Xiabre non se está actuando en consideración a este tratamento.



Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) É consciente o Goberno galego do abandono e mala conservación no que se atopa este Ben protexido?
- 2.^a) Ten previsto o Goberno galego algunha medida para paliar a situación de desleixo deste patrimonio rupestre?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/06/2018 18:15:31

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/06/2018 18:15:40



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2018 10:23
Nº Rexistro: 31871
Data envío: 05/06/2018 10:23:12.893

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a aplicación da Lei de espectáculos de Galiza e as medidas que debe adoptar o Goberno en relación aos eventos culturais públicos e a música ao vivo.

O 2 de xuño entrou en vigor a Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galiza.

Un texto normativo que introduce importantes novidades para o desenvolvemento de eventos culturais públicos que non sexan ao ar libre, entre outras cuestións, a organización de concertos en locais de hostalaría nocturna, é dicir, aqueles que non contan con licenza de sala de concertos.

Desde distintos colectivos que agrupan artistas, locais e entidades promotoras, especialmente de Compostela, veñen denunciando dificultades, restricións e limitacións para a música ao vivo como resultado da ambigüidade e indefinición da lei.

Neste senso, reclaman garantías, claridade no desenvolvemento da lei e seguridade xurídica para permitir que a cultura e, en maior medida, a música en directo poidan desenvolverse.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2018 10:23
Nº Rexistro: 31871
Data envío: 05/06/2018 10:23:12.893

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cónstanlle ao Goberno galego queixas desde o ámbito da cultura e especialmente da música ao vivo con motivo das mudanzas que introduce a Lei de espectáculos?
- De ser así, que medidas ten adoptado ou pensa adoptar a Xunta de Galiza ao respecto?
- Valora o Goberno incluír no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas mudanzas para ampliar os locais de concertos? E algunha outra?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2018 10:23
Nº Rexistro: 31871
Data envío: 05/06/2018 10:23:12.893

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2018 10:22:34

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2018 10:22:39

María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2018 10:22:43

Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2018 10:22:44

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2018 10:22:47

Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2018 10:22:48



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2018 10:28
Nº Rexistro: 31874
Data envío: 05/06/2018 10:28:54.674

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Lonxe de adoptarse medidas correctoras, que se están a demandar desde hai tempo por diversos sectores sociais e institucións –trasladadas polo BNG a este Parlamento- ao respecto do deterioro progresivo na infraestrutura e servizos da liña do ferrocarril de cercanías Ferrol-Ribadeo; a situación está a agravarse até extremos que fan visualizar que estamos nun proceso claramente premeditado.

Só así pode entenderse o acontecido, sen ir máis lonxe, entre o 22 e 29 do pasado mes de Maio, no que se produciron supresións nos seguintes servizos:

Martes 22:

-Ferrol-Xuvia: 20:45

-Xuvia-Ferrol: 20:15, 21:00

-Ferrol-San Sadurniño: 21:20

-San Sadurniño- Ferrol: 22.15

Motivo das supresións: Falta de persoal de condución.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2018 10:28
Nº Rexistro: 31874
Data envío: 05/06/2018 10:28:54.674

Sábado 26:

-Retrasos de 1 hora en TODOS os servizos do día por avaría de 2 unidades.

Domingo 27:

-Avaría da unidade en Xuvía que realizaba o Ferrol-Oviedo das 8:20, o cal provocou retrasos de 30-40 minutos en TODOS os servizos do resto do día.

Martes 29:

-Suprimido Ferrol-Ribadeo das 10:45 por avaría da unidade.

Estes recentes feitos non son illados, xa que veñen a sumarse ás deficiencias estruturais que se están a denunciar desde hai tempo: falla de renovación nunha maquinaria caduca, desatención ao mantemento dos apeadoiros, inexistencia de interventores nos trens (cos problemas de seguridade que pode acarrexar) etc..... E todo isto, perante a inacción da Xunta, Renfe e Fomento; alleos ás reivindicacións sociais e institucionais perante unha situación que resulta verdadeiramente caótica.

Á vista da situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- É consciente a Xunta da situación caótica que tanto no referente a maquinaria e mantemento rexistra a liña ferroviaria Ferrol-Ribadeo?
- Coñece a Xunta as razóns das incidencias que se viñeron producindo no servizo entre o 22 e 29 do pasado mes de Maio?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2018 10:28
Nº Rexistro: 31874
Data envío: 05/06/2018 10:28:54.674

- Ten previsto adoptar a Xunta –no marco da comisión creada con Fomento e Renfe- algunha medida para esixir medidas urxentes para abordar as deficiencias estruturais existentes na liña Ferrol-Ribadeo?

- Valora a Xunta a necesidade de solicitar a transferencia dos servizos ferroviarios desta liña, para garantir os servizos de viaxeiros e mercadorías das zonas afectadas)

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2018 10:27:11

María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2018 10:27:15



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2018 10:28
Nº Rexistro: 31874
Data envío: 05/06/2018 10:28:54.674

Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2018 10:27:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2018 10:27:18

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2018 10:27:20

Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2018 10:27:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta escrita, sobre as bolsas FEUGA.

Desde a súa primeira regulación no Real Decreto 1497/1981, as prácticas externas en empresas -no marco da formación universitaria- enténdese como unha forma de favorecer a incorporación do estudiantado universitario ao mercado de traballo. Máis de 30 anos despois, o actual Real Decreto 592/2014 continúa facendo especial fincapé na relación non laboral que establecen estas prácticas. Esta característica esténdese tamén ás chamadas “prácticas non laborais”, reguladas polo Real Decreto 1543/2011, dirixidas a estudantes xa titulados.

Con todo, a fraude xeneralizada das prácticas e a súa laxa regulación, creou para a mocidade unha barreira de entrada no mercado laboral en condicións dignas e cos dereitos propios da clase traballadora. Isto provoca un encadeamento de contratos precarios vinculados con este réxime de prácticas (prácticas curriculares, prácticas extracurriculares, prácticas non laborais e contratos laborais e de formación). O resultado final é que se retrasa a inserción plena namentres que os dereitos propios das traballadoras non aplican (días de descanso, vacacións, retribucións...). O cal significa unha presión á baixa nos salarios do total da clase traballadora.



Falamos de fraude porque a realidade que se vive nas empresas é que substitúen postos de traballo estrutural e eventual por bolseiros a baixo custo. Esta fraude prexudica tanto á clase traballadora en xeral, como falabamos, como máis concretamente ás persoas que sofren este tipo de explotación baixo o engano da formación ou da inserción. Usualmente as persoas bolseiras atópanse soas nas empresas, sen que a persoa que as titoriza o faga efectivamente, e con medo a denunciálo a Universidade pola falsa ilusión que lles crea poder acadar un traballo.

O principal problema é a falta de control, de transparencia e información de fundacións como a Feuga, responsables en Galicia de numerosas prácticas formativas. Sendo así que os datos principais cos que contamos proveñen de estudos externos como o “The experience of traineeships in the EU” publicado pola Comisión Europea no que se recollen cuestións como que o 45% das persoas bolseiras nunca chega a acadar un posto estable na empresa na que traballa ou que o 73% dos bolseiros ten unha remuneración por baixo dos custes básicos da vida.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento das Bolsas Feuga?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/06/2018 11:24:01

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/06/2018 11:24:09

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta escrita**, sobre o balance anual de turismo de Galicia.

De acordo co último balance anual publicado pola axencia Turismo de Galicia, o 38% da demanda turística concéntrase no verán sendo agosto o mes de maior afluencia á nosa comunidade. Tanto é así que en agosto do 2017 xeráronse máis de 2,27 millóns de noites o que supón o 21,4% do total anual. En temporada media, meses de maio, xuño, setembro e outubro, achégase o 36% do total quedando un cuarto da demanda na temporada baixa que iría de novembro a abril.

É dicir, que se mantén o carácter estacional do turismo con toda a precariedade laboral e presión medioambiental e social que trae consigo.

Na mesma liña cabe entender a concentración espacial do turismo que presenta un claro desequilibrio cara as provincias do litoral atlántico, modelo sol e praia, fronte o interior da comunidade. No 2017 as provincias de A Coruña e Pontevedra absorberon máis do 80% do total da demanda cun reparto moi semellante entre ambas –aínda que en sentido estrito é A Coruña a que xera maior volume de pernoctacións con preto de 4,34 millóns neste ano, o 41% do total-. En Pontevedra o nivel fica en case 4,27 millóns, o 40% neste caso. O 19% restante queda nas provincias de interior, cifra que se reparte de forma dispar entre Lugo –que absorbe o 13% do total da demanda con preto de 1,34 millóns



de noites- e Ourense –provincia que tradicionalmente ten un menor peso na estrutura global da comunidade, co 6% neste caso e 694 mil pernoctacións.

Ante esta situación, a deputadas asinante presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- Ten previsto o Goberno galego algunha medida para loitar contra a estacionalidade turística?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/06/2018 12:47:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a aplicación das reválidas no presente curso 2017-2018.

A chegada da LOMCE a este país estivo, dende o principio, acompañada dunha morea de críticas, non só referidas aos seus contidos, afán privatizador, segregador e elitista; senón tamén á propia aplicación da mesma que lonxe de traer certeza ao sistema educativo, sementou o caos, a inqueda e a incerteza. Auténtico caos educativo pois profesorado, familias e alumnado levan enfrontándose nos últimos cursos a unha ausencia total de información por parte da Consellería incapaz de explicar en tempo e forma as consecuencias de aplicación da devandita lei. Así pasa, especialmente, en todo o referido á aplicación das reválidas, que de ser obrigatorias, de titulación e para todo o alumnado, foise rebaixando de contido ata acabar sendo diagnóstica e mostral. Este ano, novamente, a comunidade educativa mobilizouse en contra destas probas promovendo un boicot ante unhas reválidas que consideran inxustas, ineficaces e contrarias ao sistema de avaliación continua probadamente demostrado como o mellor para a aprendizaxe do alumnado.

Ante esta situación o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- 1ª. Cal foi o custo de realización destas probas?
- 2ª. Que porcentaxe de alumnado participou nas mesmas?
- 3ª. Se no proceso de avaliación das competencias interveñen múltiples factores e os centros teñen autonomía para a elección dos instrumentos de avaliación a



utilizar (decreto 105/2014 de 4 de setembro), porque se decide poñer de novo ao alumnado galego nunha situación de estrés cunha proba descontextualizada e allea ao que ten que ser o día a día nun centro educativo de calidade?

4ª. A quen se lle encargou a avaliación das reválidas mostrais de 6º de primaria e 4º da ESO?

5ª. Que conclusións se extraeron das probas realizadas nos cursos anteriores?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/06/2018 17:12:16

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 05/06/2018 17:12:23

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre o funcionamento da mesa de incendios.

O Decreto 306/2004 do 2 de decembro creou o Consello Forestal de Galicia. Publicado no DOG número 252, o 29 de decembro de 2004, este Consello Forestal de Galicia naceu co obxectivo de facilitar unha adecuada xestión sustentable dos montes galegos e fomentar o desenvolvemento económico, social e ambiental do sector forestal así como crear un órgano consultivo e asesor da Administración Forestal para cumprir principio de participación pública e establecer unha canle de colaboración dos estamentos interesados da sociedade galega e da comunidade científica.

Así as diferentes organización participaron activamente no Consello para divulgar, mellorar e valorar os ecosistemas forestais, posto que son as organizacións as que detectan os problemas, as necesidades e posibilitan a sustentabilidade e a xestión dos montes.

As organizacións solicitaron ao Presidente do Consello Forestal a creación de diferentes mesas e grupos de traballo para a mellora a xestión dos ecosistemas forestais así como o aproveitamento dos seus produtos.

As organizacións Amigos da Terra, Asociación Frouma, Federación Ecoloxista Galega, Organización Galega de Comunidades de Montes e o Sindicato Labrego Galego abandonaron o Consello Forestal o 26 de xuño de 2017 en protesta e



denuncia do sucesivo entorpecemento ao principio de participación co que foi creado o Consello Forestal, por non facilitar o Borrados do PLADIGA a dous días da celebración do Consello, e sobre un documento amplo e complexo a debater nesa mesma xuntanza, e se entrega como un feito consumado, un texto no que non hai debate nin participación.

Por outra banda, este ano 2018 volveu repetirse a manobra do copia e pega do PLADIGA enviada con pouco tempo de antelación, e aprobada o día despois da presentación no Consello Forestal, co que as diferentes asociacións tampouco puideron facer achegas ao mesmo.

Isto é especialmente grave posto que Galicia viviu o ano pasado o 15 de outubro unha das peores vagas de incendios co triste balance de 4 persoas falecidas e 75.000 hectáreas arrasadas.

Neste ano xa malia as choivas xa se produciron incendios que arrasaron 200 hectáreas, e nun deles produciuse o pasamento dun veciño do Bolo que contaba cun permiso de queima e que faleceu entre as lapas.

Así por un lado temos a lei, na que se establece un principio de participación de todos os axentes e posteriormente na práctica, impídese aos mesmos a participación efectiva, minguando a posibilidade de facer achegas aos documentos a debater.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. Cal é o motivo polo que non se crea a mesa de traballo sobre a prevención e loita contra os Incendios Forestais de Galicia dentro do Consello Forestal de Galicia?

2. Por que non se envía o proxecto do PLADIGA mínimo con 3 meses de antelación para que as persoas participantes no Consello Forestal podan estudalo e facer as achegas correspondentes antes da reunión do Consello?

3. Por que non se teñen en conta, e non se recolle nos documentos, as propostas achegadas polas diferentes asociacións, facendo efectivo o dereito de participación dos axentes nas diferentes mesas, consellos e grupos de traballo dos que forman parte tal e como recolle a CE no artigo 9.2?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/06/2018 17:40:53

David Rodríguez Estévez na data 05/06/2018 17:41:00

Antón Sánchez García na data 05/06/2018 17:41:09

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os últimos datos publicados polo INE sobre a enquisa anual da estrutura salarial, poñen de manifesto que despois de catro anos consecutivos con crecemento da riqueza, medida en termos de PIB, esta non se ten trasladado nunha mellora salarial, sendo esta unha condición indispensable para poder consolidar a recuperación económica.

A dita recuperación económica ten que vir da man de melloras salariais que permitan implantar un modelo produtivo que compita con produto e tecnoloxía e non polos baixos costes; do mesmo xeito que é necesario reequilibrar o déficit das pensións públicas polo lado dos ingresos, é dicir, polo incremento das cotizacións.

Pois ben, os datos comparativos indican que en Galicia o incremento da ganancia media anual por traballador/a do ano 2015 ao 2016 é de só 457,57 €, é dicir, un 2,2 %; sendo a cuarta comunidade autónoma, empezando pola cola, cunha ganancia media anual por traballador/a das máis baixas: 21.082,12 €, fronte á media nacional que é de 23.156,30 €, é dicir, 2.074,18 € menos; e se a comparamos coa comunidade que presenta unha maior ganancia media (País Vasco) estamos a falar de 6.398,60 € menos por traballador/a ano.

Se facemos unha análise por idades, vemos que o tramo de 25 a 34 anos baixa respecto do exercicio 2015 en 289,53 €, incrementándose lixeiramente nos tramos de máis idade.

Se facemos unha comparativa entre sexos, vemos como a fenda salarial para todas as idades no ano 2016 é de 5.793,02 €, sendo moi acusada en todos os tramos e incrementándose respecto do exercicio 2015 en 148,16 €.

Grupo Parlamentario

Á vista destes datos, as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) É consciente o Goberno galego desta realidade en Galicia?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Que valoración fai o Goberno galego destes datos?

3ª) Que medidas ten previstas adoitar para que o incremento salarial en Galicia sexa maior co fin de consolidar a necesaria recuperación económica no noso país?

4ª) Que medidas ten previstas adoitar o Goberno galego para diminuír a fenda salarial existente entre as ganancias dos homes e das mulleres?

Pazo do Parlamento, 4 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/06/2018 11:16:12

Noela Blanco Rodríguez na data 04/06/2018 11:16:20

Abel Fermín Losada Álvarez na data 04/06/2018 11:16:40

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García, deputada e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A avispiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*) foi detectada por primeira vez en Galicia no 2014. Este pequeno insecto é orixinario de China e do mesmo xeito que a vespa Velutina, xa invadiu máis da metade do noso territorio. Galicia acumula ata o momento arredor de 8.000 positivos detectados. No 2017, a praga entrou na gran zona produtora de castaña, no oriente de Ourense.

A avispiña do castiñeiro pode matar os castiñeiros máis novos nas zonas cunha gran incidencia da praga. Esta especie forma agallas dificultando a formación das novas ramas, traendo consigo unha diminución moi importante nalgúns casos da produción de madeira e froito.

Para combatela, a vía máis eficaz na actualidade é a loita biolóxica. Consiste en combater ao insecto coa solta dun parasitoide da praga, outra avespa chamada *Torymus sinensis*. Esta avespa "boa" cómese os ovos da avispiña do castiñeiro e mantena controlada evitando a súa rápida proliferación. O Ministerio de Medio Ambiente autorizou até agora as soltas a contagotas, dunha maneira experimental.

O sector pide unha solta masiva da *Torymus sinensis*, tal e como fixeron en Italia e Francia. Cando se trata de loita biolóxica, a rapidez da aplicación do tratamento é fundamental á hora de reducir as perdas económicas causadas polas pragas. A expansión da presente praga foi moi rápida, sen que as medidas tomadas até o de agora demostraran efectividade para detela.



A loita biolóxica co *Torymus sinensis* contra a avispiña do castiñeiro é clave para salvagardar o castiñeiro. Tan só desta maneira poderase manter a economía das zonas rurais que viven da súa recolección, venda e transformación.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Que actuacións se teñen desenvolvido até o de agora para o control da avispiña do castiñeiro?
2. Que gastos se teñen derivado destas actuacións?
3. Existe algún convenio de colaboración asinado con algunha empresa para facer fronte á expansión da praga?
4. Vanse autorizar soltas masivas do *Torymus sinensis*?
5. Prevese o pago de indemnización aos produtores de castaña afectados pola praga?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez,

Antón Sánchez García

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 05/06/2018 17:52:51

David Rodríguez Estévez na data 05/06/2018 17:53:00

Antón Sánchez García na data 05/06/2018 17:53:12



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A praga do gurgullo do eucalipto (*Gonipterus platensis*) é un pequeno insecto coleóptero orixinario de Australia, que se alimenta das follas e gromos novos do eucalipto provocando fortes danos nas plantacións desta especie forestal. Está presente en Galicia desde 1991, estendéndose polas explotacións forestais galegas.

O medio máis efectivo ate do agora de loita é a loita biolóxica, aínda que os resultados obtidos varían moito dependendo da zona considerada. O tratamento consiste na colocación dunhas bolsas que conteñen o parasitoide *Anaphes nitens* nas zonas afectadas polo *Gonipterus*, para que este colonice os seus ovos limitando deste xeito a súa reprodución. A súa finalidade é establecer un equilibrio entre as poboacións do insecto e do seu parasitoide natural, reducindo a poboación do primeiro de modo que os danos económicos non sexan excesivos.

Actualmente outras opcións de loita biolóxica están a ser avaliadas pola Estación Fitopatolóxica Areeiro, dependente da Deputación de Pontevedra, e por Ence: os parasitoides *Anaphes tasmaniae* e *Entedon magnificus*.



Resulta preciso, facer unha avaliación das medidas adoptadas até o de agora na loita biolóxica contra o gurgullo do eucalipto, coa fin de comprobar a súa efectividade e facer balance dos gastos deste método de control.

Por estes motivos, presentamos as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas bolsas de soltas de *Anaphes nitens* se empregaron por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos en Galicia?
2. En que datas se realizaron as campañas? Cantas soltas se realizaron en cada un dos meses?
3. Cal foi o importe anual de cada campaña?
4. Que empresas proporcionaron os insectos parasitoides e que tipo de contratos se realizaron con estas empresas?
5. Sábese se o parasitoide afectou a outras especies? Fixeron estudos a este respecto?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 05/06/2018 18:11:31

David Rodríguez Estévez na data 05/06/2018 18:11:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a situación na que se atopa a Comarca da Limia pola xestión dos xurros

A Comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente as dedicadas á produción de porcino e avícola .

Aínda que o artigo 2 da lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos sólidos e solos contaminados exclúe segundo o disposto no apartado e), *As materias fecais, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola non perigoso utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medioambiente, NON AMPARA EN ABSOLUTO* as prácticas que de forma rutinaria e xeneralizada estanse a aplicar na Comarca da Limia e que si supoñen un dano irreparable para o medio ambiente e a saúde humana:

- Proceso de eutrofia acusada no Encoro das Conchas,
- Aumento constante dos niveis de concentración de Nitratos nas augas subterráneas.
- Afección irreversible o encoro de Faramontaus (presa de Gudín) non sendo apta na actualidade para abastecemento...
- Empobrecemento da biodiversidade.
- Degradación paisaxística da comarca
- Mala calidade do aire (cheiro constante a xurro).



Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, establece que quedan fóra do seu ámbito de aplicación : *Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras sustancias naturais e non perigosas cando se utilicen no marco das explotacións agrarias.*

Esta exclusión non ampara as aplicacións incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos do inverno sobre extensas superficies de mato (toxo e xestas) que baixo a escusa dun suposto abonado non persegue máis fin que o desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca cunha carga gandeira irracional.

De igual xeito deixase fóra de control e mírase cara outro lado en relación as condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ó aire libre (sobre todo de galiña) que se observan durante o inverno/primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar de forma evidente episodios de contaminación.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de EN Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa reposta escrita:

1-Que medidas se están a tomar para evitar que baixo un suposto amparo legal se leven adiante as prácticas descritas anteriormente e que a todas luces danan irreparablemente o medio ambiente e a saúde das persoas?

